


**INFORME LINGÜÍSTICO
SOBRE A NOSA TERRA EO-NAVIA
(OCCIDENTE DE ASTURIAS)**




ASOCIACIÓN *Abertal* DEL EO-NAVIA



INFORME LINGÜÍSTICO
SOBRE A NOSA TERRA
Eo-NAVIA

INFORME LINGÜÍSTICO
SOBRE A NOSA TERRA
EO-NAVIA
(OCCIDENTE DE ASTURIAS)



ASOCIACIÓN *Abertal* DEL EO-NAVIA
NAVIA, FEBREIRO DE 2007

A edición galega vai redactada na variedade escrita do galego de Asturias elaborada a instancias da Mesa prá Defensa del Galego de Asturias (MDGA) en 1990.

Abertal e SAEGAO queren agradecer as contribucións económicas de moitos cidadáns galegofalantes dos cinco territorios (Val do Ellas, As Portelas, Bierzo occidental, Eo-Navia e Galicia), sen as cales non serían posibles as edicións deste *Informe* en galego, asturiano, castelán, catalán e inglés.

© Asociación Abertal del Eo-Navia, 2010

Edita:

Asociación Abertal del Eo-Navia

Apartado 44

33710 Navia (Terra Eo-Navia, Asturias)

correo electrónico: abertaleonaviego@yahoo.com.br

Apoia:

SAEGAO (Sociedade Arraiana de Estudos Galegos, Armenios e Orientais)

A Pena da Seara s/n

27260 Pedrafita do Cebreiro (Lugo, Galicia)

Maquetación: Rita Bugallo

2.^a reimpresión

Impreso na terra Eo-Navia

La situación del **gallego-asturiano** no está clara, pero parece que apenas se han realizado esfuerzos para promover esta lengua, ya que **sigue sin reconocerse claramente su identidad específica como variante lingüística del gallego.**

Conclusión Q do primeiro Informe do **Comité de Expertos do Consello de Europa** sobre a aplicación en España da *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias* (2005).

ÍNDICE

1. Introducción	11
2. Destinatarios e destinatarias deste <i>Informe</i>	15
3. As linguas territoriais da península Ibérica	17
4. Sobre a adscrición lingüística da lingua falada entre os ríos Eo e Navia: postura oficial hoxe en Asturias	21
5. Opinións de especialistas e de personalidades asturianas	29
6. A negación do nome da lingua en Asturias	41
7. Notas lingüísticas	49
8. Proximidade e distancia estrutural entre o galego, os falares eonaviegos e o asturiano	57
9. Consideracións sociolingüísticas	65
10. Dous exemplos de aculturación: a toponimia e a normativa	71
11. Conclusións	79
12. Apéndice: textos comparados	83
13. Bibliografía	87

1. INTRODUCCIÓN

Con independencia de consideracións históricas, antropolóxicas, etnográficas ou culturais sobre a terra Eo-Navia, que serán obxecto doutro estudo, a Asociación Abertal elabora o presente documento centrándose nos aspectos lingüísticos (e sociolingüísticos) desta zona occidental de Asturias: na súa adscrición lingüística, na negación e manipulación da denominación da lingua e na comprobación da súa distancia e proximidade estrutural co galego e co asturiano.

Constatamos de entrada na nosa zona unha acelerada perda de usos lingüísticos das xeracións vellas ás máis novas, perda que se ve incrementada pola ausencia dunha política lingüística decidida e eficaz por parte das autoridades asturianas e, nalgúns casos, pola adopción dalgunha tímida medida normalizadora errada.

Desde os estudos sociolingüísticos do Consello da Cultura Galega (Rubal, 1992)¹ ou de Llera Ramo (1994) con datos de 1991, ata os posteriores levados a cabo de novo

1. É tamén moi interesante a tese de licenciatura (inérita) de García Fernández, M.^a C.: *Actitudes lingüísticas na franxa occidental de Asturias: unha aplicación do diferencial semántico*, baixo a dirección de Xosé Rubal Martínez e defendida na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela en 1990.

por Llera Ramo e Sanmartín Acuña (2003) ou o informe do Comité de Expertos do Consello de Europa (2005), véñse constatando e denunciando reiteradamente unha ausencia case total de medidas normalizadoras: ausencia da lingua propia no común das escolas, na administración, nos medios de comunicación etc., e todo isto implementado cuns intentos extralingüísticos de xebrar o galego de Asturias do conxunto das falas galegas, incumprindo deste xeito un dos principios asinados en 2002 por España na *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*, documento que forma parte do “bloque de constitucionalidade” de España.

12

O Comité de Expertos (Consello de Europa, 2005: 137) indica que, por parte das autoridades asturianas, “no se facilitó información específica sobre el mantenimiento y refuerzo de los vínculos entre los gallegoparlantes que viven en Asturias y aquellos que viven en Galicia”, incumpríndose deste xeito os artigos 7.1.b e 7.1.e, dos “Obxectivos e Principios” da *Carta*, en que se indicaba expresamente que os estados asinantes desta, España dos primeiros, se comprometían a:

El respeto del área geográfica de cada lengua regional o minoritaria, actuando de tal suerte **que las divisiones administrativas ya existentes o nuevas no sean un obstáculo para el fomento de dicha lengua regional o minoritaria.** (Art. 7.1.b).

Mantenimiento y desarrollo de nexos y relaciones en los ámbitos cubiertos por esta Carta, entre grupos que usan las lenguas regionales o minoritarias y **otros grupos en el Estado que emplean una lengua usada en idéntica o similar forma (...).** (Art. 7.1.e).

Verbo da identificación lingüística dos falantes, é claro que os falantes eonaviegos teñen nítida consciencia de non falar asturiano e de falar un pouco distinto do galego, agás en Taramundi e Santiso de Abres, onde se decatan instintivamente de que o que falan é galego. O nome dado popularmente a esta variedade polos seus usuarios é as máis das veces “fala”. En Galicia hai trinta anos os resultados eran semellantes: a maioría dos galegos dicía falar “chapurreado”, “mestura de galego e castelán”, “a fala de aquí” etc., motivo polo que non sorprenden os resultados das enquisas sobre este tema no Eo-Navia.

No mapa 4 do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)* (Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1962) relativo ao nome dialectal da fala local dos puntos do extremo occidental de Asturias, as respostas que obtivo Rodríguez-Castellano hai máis de cincuenta anos non foron nin galego nin asturiano, senón “chapurrado” en 301 As Campas-Castropol, “chapurrau” en 302 Freal-Navia, “chapurriado” en 303 Boal e “ibiano” en 323 Cuantas-Ibias, mentres que en 300 Salgueiras-Vilanova de Ozcos non houbo resposta². Nos puntos do asturiano occidental máis próximos ao Navia tampouco houbo resposta (304 Busmente-Valledor, 305 Navelgas-Tineo, 306 Santa Eulalia-Allande) e a medida que un se afasta cara ao centro de Asturias a denominación é sempre “asturianu”, agás nos puntos costeiros centrais, onde non se rexistrou ningunha denominación local.

Hoxe no Eo-Navia máis da metade dos usuarios din que falan “fala” ou “gallego-asturiano”, debido a que estas son as denominacións habitualmente difundidas nos eidos oficiais, administrativos, educativos e mediáticos asturianos. Así e todo, é de destacar que aínda haxa unha mínima porcentaxe de eonaviegos que din falar “galego”, sobre todo cando entre as posibilidades de resposta que lles ofrecen as enquisas oficiais (fala, bable, gallego-asturiano etc.) non aparece a proposta “galego” ou “galego de Asturias”, o cal é claramente discriminatorio e intencionado.

Desde os poderes políticos, administrativos e mediáticos hai unha deriva denominativa desde “fala” –denominación popular– ou “gallego-asturiano” –denominación oficial e legal–, a, ultimamente, “lingua de transición”,

2. Algo semellante ocorre na franxa aragonesa de fala catalá, pois no mesmo mapa do *ALPI* (1962) as respostas sobre o nome dado á fala local son “chapurreat”, “chapurriau” e variantes, ou en ocasións xentílicos locais como “fragatí” (catalán de Fraga-Huesca), como ocorre co “ibiano”.

“eonaviego” ou mesmo “lengua nueva”³ (*sic*), etiquetas que se poñen en circulación para desvencellar totalmente o galego de Asturias do resto das falas galegas.

Non sorprenden, xa que logo, as respostas ás enquisas sobre o nome dado á fala local no Eo-Navia á vista da seguinte cita do antropólogo orixinario dos Ozcós J. L. García (1976):

Por una parte, **su forma de hablar, sus costumbres, sus comidas, apuntan claramente hacia Galicia. Por otra, su adscripción administrativa les vincula con Asturias** a todos los niveles. La visión que tienen de Galicia concuerda con la experiencia de su vida cotidiana, a la que tras un largo período de emigración, por la falta de recursos suficientes, tanto económicos como de

ocio, y tras la experiencia diaria de una insuficiencia de servicios y un duro trabajo, han aprendido a minusvalorar. Asturias, por el contrario, se inscribe dentro del marco burocrático al que tienen que acudir para obtener permisos y recursos, su imagen es de alguna forma superior a la que tienen de ellos mismos: allí se dirige gran parte de la emigración del concejo, porque piensan que las condiciones de vida son mejores. Ante estos hechos no cabe duda de que su identidad profunda es con la cultura gallega, a la que, sin embargo, minusvaloran, de la misma forma que se minusvaloran a ellos mismos, pero su deseo manifiesto es el de pertenecer a una Asturias ideal, ya que esta pertenencia significa una superación de su estado actual.

3. Como resposta ao ofrecemento da Xunta de Galicia para a introdución do ensino voluntario do galego na nosa terra, mediante un convenio de colaboración co Principado, a conselleira de Cultura, Rosa Migoya, declarou que non era posible xa que “lo que se habla en esa comarca no es gallego, es una lengua nueva (*sic*)”. (*El Comercio*, 20 de xuño de 2006).

2. DESTINATARIOS E DESTINATARIAS DESTE *INFORME*

Este informe vai dirixido, en primeiro e especialísimo lugar, aos falantes asturianos desta variedade de galego, a aqueles e aquelas que queren saber máis sobre a orixe da súa lingua, o seu encadramento, as súas relacións de parentesco etc., fundamentalmente a aqueles eonaviegos en idade escolar ou universitaria e aos seus mestres e profesores, para sobre esta base de coñecementos non interferidos politicamente construíren solidamente o edificio da normalización lingüística na terra Eo-Navia.

Vai dirixido ás corporacións locais dos dezaoto concellos eonaviegos, aos alcaldes e concelleiros, para poderen opinar sobre o tema con coñecementos xustificados e para que, manexando este informe, sexan

competentes e usen e defendan con orgullo a súa lingua autóctona en todas as súas actuacións.

Tamén se dirixe este informe aos movementos asociativos eonaviegos (culturais, musicais, deportivos, veciñais, recreativos etc.); aos poderes mediáticos asturianos e galegos, para seren conscientes do moito que poden axudar no labor de instrución e pedagogía cidadá e o moito que poden contribuír, desde bases científicas sólidas, á recuperación do noso rico patrimonio lingüístico e cultural.

Toda a clase política e social asturiana e galega (deputados estatais, deputados autonómicos, senadores, conselleiros, sindicatos, partidos, universidades etc.) será

tamén destinataria deste informe, para contribuírmos á serenidade e ao ricaz intercambio de coñecemento e establecermos pontes de entendemento e colaboración arredor dun patrimonio asturiano partillado con Galicia, León, Zamora e Cáceres: a lingua galega de Asturias.

E, por último, tamén se dirixe este informe ás autoridades e institucións estatais e europeas responsables das políticas lingüísticas das linguas non estatais.

3. AS LINGUAS TERRITORIAIS NA PENÍNSULA IBÉRICA

Na actualidade na península Ibérica fálanse nove linguas territoriais: galego, asturiano, vasco, aragonés, occitano (aranés), catalán, portugués, inglés e castelán. Raramente coinciden fronteiras políticas con fronteiras lingüísticas, polo que sempre haberá zonas desas linguas que se falen en territorios administrativos distintos.

O asturiano fálase en Asturias, norte e oeste de León, noroeste de Zamora, oeste de Cantabria e nordeste de Portugal (Miranda del Douro), en tres comunidades autónomas e en dous estados. O vasco fála-se no País Vasco, centro e norte de Navarra e (recuperado) en Treviño (Burgos), á parte de se falar tamén no suroeste de Francia. O

catalán fálase en catro estados europeos: Francia (sueste), España, Andorra e Italia (cidade de L'Alguer, na illa de Sardeña). En España non só se fala en Cataluña, Comunidade de Valencia e Baleares, tamén na Franxa do Poente (Aragón) e en El Carxe (Murcia). O portugués non só se fala en Portugal, tamén se fala en España na Bouça e Alamedilha (Salamanca), Cedilho e Ferreira de Alcântara (Cáceres) e Olivença e Táliga (Badallouce). O aragonés fálase sobre todo no norte da provincia de Huesca. O inglés fálase en Xibraltar. O occitano fálase en España no Val d'Aran (Lleida), en todo o sur de Francia, nos vales dos Alpes occidentais nas provincias italianas de Cuneo e Torino e na vila calabresa de Guardia-Piamontese.

Ao catalán falado en Aragón ninguén lle chama “aragonés-catalán”, nin ao portugués de Olivença (Badallouce) “lusó-estremeño”, nin “astur-lusitano” ao asturiano de Portugal ou “mirandés” (por ser da Terra de Miranda). Ninguén lles chama tampouco “fala” ou “parla”, denominacións ocas que non identifican nada.


18 Por outra banda, sobre o aranés ou occitano do Val de Aran (Lleida) a autoridade científica é o Institut d’Estudis Occitans (cuxa sede está en Tolosa/Toulouse, Francia), aínda cando a política lingüística a faga a Generalitat de Catalunya. Sobre o vasco do norte de Navarra a autoridade científica é a Euskaltzaindía ou Academia da Lingua Vasca, aínda que todas as competencias administrativas sexan do goberno foral de Navarra. A autoridade científica sobre o galego falado en Castela e León (Bierzo occidental e As Portelas) é a Real Academia Galega, aínda que as competencias sobre a política de normalización sexan exclusivas do goberno castelán-leonés. E isto é o normal e o esperable en (case) toda Europa.

As competencias sobre a normalización do galego de Asturias pertencen ao Principado de Asturias. Galicia só podería ofrecer axuda, materiais e experiencia de cooficialidade se llo solicitase o Principado; porén, a autoridade científica encargada do asesoramento ás autoridades non está definida: o goberno asturiano non informa a Europa sobre este extremo, pero na práctica a Academia de la Llingua Asturiana funciona como Oficina da Política Lingüística do Navia-Eo (forma mestres e profesores, organiza cursos de lingua, concede habilitacións para exercer a docencia, edita revistas e libros etc.), e mesmo agora esta academia está a elaborar outra normativa máis para o galego eonaviego. Alguén imaxina a Real Academia Galega facendo unha normativa para o asturiano occidental?, ou a Real Academia Española facendo a normativa do asturiano ou do catalán?

Se o falado entre o Eo e o Navia non fose galego (que o é), debería ter unha institución científica de referencia, academia ou instituto de estudos, pero en ningún caso sería unha academia doutra lingua diferente,

por moito que sexan da mesma comunidade autónoma. A non ser que exista unha avesa intención política en converter na práctica o galego de Asturias nun dialecto máis do asturiano, comezando polo uso ambigua-

mente calculado da denominación do que aquí falamos; ou a non ser tamén que esta academia asturiana actual pasase a chamarse “Academia de les Llingües Asturiana y Gallego-Asturiana/Academia das Linguas



Asturiana e Galego-Asturiana”, as dúas en pé de igualdade, cousa que non ocorre hoxe nin ten visos de ocorrer nun futuro próximo, entre outras cousas porque unha academia dunha lingua é só dunha lingua.

20 O goberno do Principado tolera e permite propositadamente esta anómala situación de perversión política e lingüística dunha realidade natural e, deste xeito, mentres a ALLA queima enerxías tratando de asturcentralizar o galego de Asturias non se ocupa en exclusiva do seu principal cometido: o estudo científico e a estandarización do asturiano, preparar o asturiano para introducilo en todos os ámbitos de uso da vida administrativa, científica, mediática; nunha palabra: preparar o asturiano para ser plenamente oficial en Asturias. Deste xeito, con esta política consentida polas autoridades (divide e vencerás) os damnificados sempre serán o asturiano e o galego de Asturias, as dúas linguas autóctonas asturianas en perigo de desaparición.

O máis triste é que toda opinión lingüística vinda de Galicia é as máis das veces tomada de maneira alarmista por sectores do asturianismo lingüístico. Voces

como “expansionismo”, “invasión” ou outras semellantes retumban e ecoan frecuentemente na prensa. Contra isto, seméllanos moi atinada esta cita de Ramón d’Andrés:

Y entonces, **¿a quién debe extrañar que una parte de los gallegos y de sus autoridades muestren un mínimo interés en el presente y futuro del gallego-asturiano?** Los asturianistas se interesan por la suerte del asturiano (asturiano-leonés) en León, Zamora y Miranda del Douro (Portugal). ¿O es que los estatutos de la Academia de la Llingua Asturiana no contemplan la posibilidad de establecer delegaciones incluso fuera del territorio de la comunidad autónoma? Hay académicos que representan el asturiano del norte de León, e incluso uno de ellos, el señor Júlio Meirinhos, es un político de nacionalidad portuguesa que representa al asturiano-leonés de Miranda del Douro. **¿Alguien en su sano juicio puede tachar a la Academia de “expansionista” por su legítimo interés hacia el “asturiano exterior”?** (D’Andrés, *La Nueva España*, 30 de outubro de 2005).

4. SOBRE A ADSCRICIÓN LINGÜÍSTICA DA LINGUA FALADA ENTRE OS RÍOS Eo E NAVIA: POSTURA OFICIAL HOXE EN ASTURIAS

Desde os inicios dos estudos sobre iberorromanística e dialectoloxía hispánica en xeral, e sobre as falas da terra Eo-Navia en particular, existe unha **ampla unanimidade** entre filólogos, lingüistas, romanistas e dialectólogos, xa sexan asturianos, españois ou europeos, á hora de clasificaren as falas naturais da zona Eo-Navia como **variedades lingüísticas do galego**.

Con todo, desde hai algúns anos, **algúns lingüistas e políticos asturianos** cuestionan a galegitude lingüística destas falas argüíndo que se trata dun “continuum lingüístico”, dunha zona onde se falaría unha “**lingua de transición**” con trazos comúns por igual a galego e asturiano e con personalidade propia fronte a

estes, pero que, por ser falada en Asturias e por cidadáns asturianos, debe estar **subordinada** lingüisticamente á Academia de la Llingua Asturiana (ALLA). Esta é hoxe a postura dominante (non predominante) na oficialidade política e lingüística asturiana, o politicamente correcto.

Ana Cano (1992: 652), actual presidenta da ALLA, afirmaba que:

el extremo oeste de Asturias, aproximadamente entre los ríos Eo y Navia, constituye **una zona de transición**, entremezclándose allí los rasgos gallegos con los asturianos.

García Arias (1992: 681), ex-presidente da ALLA, ía máis alá na delimitación xeográfica do asturiano fronte a galego e castelán ao asegurar que:

Por el occidente **resulta difícil establecer límites precisos con el gallego** puesto que las isoglosas se entrecruzan muy complejamente entre los ríos Navia y Eo y en la región berciana (...).

Por el oriente podría considerarse que es el río Purón, al este de Llanes, quien señala la zona de influencia propiamente castellana.

Este párrafo é sinxelamente indefendible desde unha óptica lingüística: se os límites do asturiano están claros nalgunha zona é polo occidente, na liña río Frexulfe-Serra del Palo-Serra do Rañadoiro, pois entre asturiano oriental e castelán si que existe unha transición moi difusa e confusa. E ademais, se hai algún lugar de Asturias onde en verdade se cruzan isoglosas “muy complejamente” é na transición entre os falares asturianos occidentais e o asturiano central. O

que se deduce da cita anterior de García Arias é sinxelamente propósito de confundir, de negarlle entidade diferenciada ao que falamos no Eo-Navia e, sobre todo, de negarlle ao máximo posible calquera vinculación co galego oriental⁴.

Ramón d’Andrés, tamén académico da ALLA, non é desta opinión e expresa deste xeito o seu pensamento sobre este tema (2000: 42-43):

Eso de que les fronteras administratives nun coincidan cuasi nunca coles fronteras llingüísticas nin éstes coles naturales, paez daqué espelurciante pa delles formulaciones patriótiques del nacionalismu, que no fondero del corazón sienten lo *non propio* igual qu’una piedriquina mancando en zapatu. Ehí tenemos a Andecha Astur y al Partíu Asturianista, defendiendo que nel Navia-Eo lo que se fala son variedades del asturianu.

4. Unha boa e fundamentada crítica a García Arias é a de Frías Conde (2004: 97): “García Arias é o único autor que pon en dúbida a natureza galega do eonaviego, mais fornecendo, nos máis dos casos, exemplos incorrectos que non conseguen demostrar o carácter híbrido do galego de Asturias, tal como el o defende (...) certos elementos que este profesor dá como asturianos son arcaísmos galegos conservados no Eo-Navia”, engadindo este autor que “o galego de Asturias ten certos trazos coincidentes co asturo-leonés, mais ao mesmo tempo cómpre ver que outros dialectos asturo-leoneses meridionais presentan trazos inequivocamente galegos, sen que por iso se poña en dúbida a súa natureza.”

La postura del asturianismo “oficial”, sin embargo —y por suerte, todo hai que lo dicir— nun llega a tanto: defende que nel Navia-Eo nun se fala'l “bable”, pero, dende llueu, tampoco'l gallegu. La fórmula ye afirmar qu'ellí fábase *gallego-asturianu*, una mena de “continuum” llingüístico (en tolos sitios hai “continuums” llingüísticos, pero ési paez l'únicu), o una nueva llingua románica, nun se sabe bien. Evidentemente, como quedó dicho enriba, fábase gallego-asturianu, pero lo que llama l'atención d'esta postura ye l'usu *elusivu* d'esa etiqueta, porque, n'efectu, utilízase non pa nomar una variedá del gallegu, sinón como eufemismu pa evitar la espresión tabú o *políticamente incorrecta* que ye gallegu o llingua gallega. Siento dicilo, pero de xemes en cuando esi factor elusivo-eufemístico tien llegao a emplegar la espresión “les fales del Navia-Eo” d'una maneira muy asemeyada a aquela de “las hablas de Asturias”, tan queridas polos “Amigos de los Bables” pa referirse al idioma asturianu.

O último informe da ALLA (2006), *Informe sobre la fala o gallego-asturiano. Una perspectiva histórica, social y lingüística*, vai por este camiño: en Asturias falaríanse dúas Linguas (con maiúscula): asturiano e castelán, e unha “fala” (non lingua, infravalorada) no occidente eonaviego; polo tanto, **segundo a ALLA Asturias non é un país trilingüe** (galego-asturiano-castelán) senón só bilingüe (asturiano-castelán)⁵. O asturiano (legalmente “bable/asturiano”) por antonomasia é unha lingua, mentres que o oficialmente denominado “galego/asturiano” non, de aí que dentro da Academia de la Llingua Asturiana creasen en 1996 unha sección para o Eo-Navia, porque consideran as variedades galegas de Asturias como un conxunto de variedades lingüísticas subordinadas ao asturiano, aínda que saiban perfectamente que lingüística-mente non é asturiano.

5. Declaracións do responsable da Secretaría Llingüística del Navia-Eo, Xosé Antón González Riaño, na presentación do *Informe* da ALLA. Pódense ver en toda a prensa diaria asturiana do 5 de novembro de 2006.

Isto contrasta radicalmente coa opinión oficial que mantíña a ALLA hai anos, expresada en palabras de Ana Cano, daquela só académica e hogano presidenta, cando en 1980 afirmaba que:


Dejamos fuera de nuestro estudio la parte más occidental de la provincia por hablarse en ella **una variedad del gallego de Lugo**, que se extiende por los pueblos situados a la izquierda del río Navia e

incluso por algunos de la orilla derecha – Armental: corpo, terra–, aproximadamente hasta unos 8 km. al oriente del citado río. La adiptongación o diptongación de /e/, /o/ breves latinas marca el límite de esta zona de habla gallega con el asturiano occidental (1980: 43-44).

E acompañaba estas declaracións cun mapa de Asturias onde a zona Eo-Navia aparecía baixo o rótulo de “zona de habla gallega”.

24

CLASIFICACION DE LAS HABLAS ASTURIANAS Ana Cano (1980)



Sorprendentemente, a postura actual da ALLA é que “entre los ríos Navia y Eo fálase una llingua de transición, con unes isogloses que nunca coinciden unes con otres, y por eso xustamente se fala del *feixe d’isogloses*”.

Reparemos en que esta liña de pensamento sería perfectamente aplicable ao asturiano occidental ou ao asturiano central, onde nunca coinciden dúas isoglosas, co que en Asturias teríamos logo –segundo esta teoría da ALLA–, polo menos catro “llinguas de transición”, e a ninguén se lle ocorre hoxe resucitar o espírito do Padre Galo, “Fernán-Coronas”, cando consideraba a “faliel.la” occidental como posible lingua independente do asturiano⁶. Considerar o galego de Asturias como algo indefinido e híbrido, enmarañado, orfo de pai e nai, é tan grave e discriminatorio como o que fan estudosos da lingua española, que consideran

o asturiano e o aragonés como dialectos constitutivos (Cerdá), dialectos históricos (García Moutón) ou simplemente variedades lingüísticas do español (Quilis).

Para negar a fronteira evidente entre galego e asturiano, a ALLA foxe das “clasificaciones simplificadoras de muchos filólogos gallegos que echan mano sólo de un haz de características para estremar gallego de asturiano (Babarro, 2003: 87) dando preferencia a unas sobre otras, cuando en una buena comparación habría que echar mano de todas” e apóiase no seu *Informe* (2006: 28) nunha cita do romanista Ralf Penny (2004: 573-574) na que denuncia a simplificación que supón coller unha ou dúas isoglosas, como neste caso a aditongación de Ę e Ŏ tónicos latinas (*terra, pedra, porta, ovo*):

Es lógico sostener que las variedades lingüísticas habladas en Galicia se caractericen por no mostrar diptongación de las vocales tónicas latinas Ę y Ŏ.

6. Lembremos aquel poemiña del titulado “La mi dulce faliella”: “Naide víu en todú-l mundu / un falare sugavín / comu yá la fala nuesa / que así chega al coracín. // Ah falina falaguera! Todú en ti parez canción: Todú encanta nus vocables / d’entre el Navia ya el Nalón.”

De aquí a mantener que son “gallegas” aquelas variedades que mostran ausencia de diptongación hay una gran diferenza (...).

Esta isoglosa foi sempre a “isoglosa marco” empregada polos romanistas e dialectólogos para clasificaren unha fala como galego ou non. Desde a ALLA rexéitase que esta soa isoglosa sirva para delimitar falas galegas. Pois se non fose pola ditongación/aditongación e pola enorme frecuencia de aparición deste fenómeno na fala común, o chamado actualmente asturiano occidental ben podería pasar perfectamente por unha variedade galega. Vexamos este exemplo:

Galego común (estándar): Das dúas mulleres, a máis vella e pequena, a do pano na cabeza, comeu carne fresca de boi e a nova chamou ao camareiro e pediu outra cousa de primeiro.

Asturiano occidental: De las dúas mul.leres, la más viel.la ya pequena, la del pano na cabeza, comeu carne fresca de buei ya la nueva chamou al camareiru y pediu outra cousa de primeiro.

Asturiano central (estándar): De les dos muyeres, la más vieya y pequeña, la del pañu na cabeza, comió carne fresca de güe y la nueva llamó al camareru y pidió otra cosa de primeru.

A isoglosa da aditongación/ditongación (*vello, dente, terra, corpo, ovo, nova, é /vieu, diente, tierra, cuerpu, güevu, nueva, ya*) ten un rendemento e unha importancia fundamental á hora de caracterizar as falas galegas fronte ás que non son galegas, sobre todo, como é o caso na nosa terra eonaviega, se se combina esta fronteira con outros fenómenos que corren aproximadamente pola mesma liña: *ter, corazois, veño, teña, cantache, eu, che-te / tener, corazones, vengo, tengo, cantaste, yo, te...*

De igual maneira que algúns fenómenos característicos (non exclusivos) do asturiano penetran en territorio de fala galega (*camín, vecín, lloba, lleite...*), existen tamén algúns fenómenos característicos (non exclusivos) do galego que chegan ás portas de Uviéu (*cousa, vaqueira, comeu, cantou, dúas...*). Se no segundo caso sería ilóxico dicir que a isoglosa *porta/puerta* non separa nada,

daquela por esta lóxica estraña o galego chegaría ata Uviéu, no primeiro caso tamén sería ilóxico dicir que o asturiano chega ata Mondoñedo ou Valdeorras porque por cerca acaba a zona das formas *camín* e *vecín*. A isoglosa de referencia é a da aditongación /ditongación (*terra nosa/terra nuestra*), e se esta non tivese tanta importancia habería poucos argumentos lingüísticos para facer chegar o territorio de falas galegas ata as mesmas portas de Uviéu.

No recente *Informe* da ALLA fálese na introdución “del prejuicio gratuito, pretencioso y falta de rigor de que la variedad en el Navia-Eo es gallego,” (2006: 11), e nas conclusións e propostas afírmase unha barbaridade de calibre inmensurable: “es arbitrario científicamente, y es un ejercicio de voluntarismo

político, incluir esta variedad lingüística dentro del ámbito de la lengua gallega” (2006: 39).

Con este *Informe lingüístico sobre a nosa terra Eo-Navia* pretendemos lembrar as opinións expresadas desde sempre polos máis consumados e mellores especialistas, así como coas voces autorizadas de personalidades relevantes do mundo académico, político, social e cultural asturiano. A postura da ALLA é científicamente inaceptable e inaceptada no mundo académico e universitario español e europeo. Máis adiante demostraremos con métodos dialectométricos a cal das dúas linguas se aproximan estruturalmente as falas do Eo-Navia, para fuxir de apriorismos impresionistas e opinións infundadas, manipuladas ou inducidas.

5. OPINIÓNS DE ESPECIALISTAS E DE PERSONALIDADES ASTURIANAS

Imos ofrecer agora un resumo de opinións manifestadas polos máis prestixiosos especialistas en filoloxía hispánica e románica⁷, xunto con declaracións de diversos membros da ALLA, políticos e sindicalistas asturianos, institucións europeas, profesores universitarios de disciplinas humanísticas e persoeiros asturianos da cultura. En todas estas opinións subxace a mesma idea: a lingua

e a cultura da nosa terra Eo-Navia teñen unha personalidade propia e diferenciada dentro de Asturias, e concretamente a lingua é sen dúbida galega.

5.A) Filólogos hispanistas e romanistas asturianos, españois e europeos:

1.- **Åke Wison Son Munthe**, dialectólogo sueco pioneiro nos estudos sobre o Eo-Navia.

7. Non incluímos a opinión unánime da lingüística e dialectoloxía galegas, para as cales as falas eonaviegas entran dentro do conxunto do galego oriental. Todas as obras e autores galegos que trataron deste tema manifestaron a galegitude lingüística (e asturianidade administrativa) da terra Eo-Navia. Como obra magna recomendamos a consulta do *Atlas Lingüístico Galego* (1990-), codirixido por un catedrático asturiano, Constantino García, onde figuran sete puntos primarios no Eo-Navia (Salave-Tapia de Casarego, Coaña, Piantón-A Veiga, Boal, Vilanova de Ozcos, Pezós e Santo Antolín de Ibias) e dous secundarios (Santalla e Busqueimado-Santalla de Ozcos). As enquisas para o *ALGa* foron realizadas nos anos 1974 e 1975, cando ninguén dubidaba de que o falado na nosa terra fose galego.

Ya se ha indicado varias veces en lo que antecede que **los dialectos de la parte de Asturias situada al oeste del río Navia no deben considerarse como asturianos sino como gallegos.** (Munthe, 1887: 97).

Finalmente, para la zona asturiana al **oeste del río Navia** (que sin embargo desde el punto de vista lingüístico no puede considerarse asturiana). (Munthe, 1887: 14).

30 **2.- Ramón Menéndez Pidal**, de pais asturianos, filólogo fundador da Escola de Filoloxía Española, director da RAE entre 1925-1939 e 1947-1968, fundador da filoloxía asturiana coa súa obra *El dialecto leonés*:

En Asturias, junto al mar, el dialecto leonés no empieza sino a la derecha del río Navia; **á la izquierda del río se habla hoy una variedad del gallego de Lugo**, y aun en algunos pueblos inmediatos a la orilla derecha. Así, en Armental, que está a la derecha, se dice corpo, terra, morto, tempo. (Menéndez Pidal, 1906: 30).

(...) **el gallego se extiende por una faja de unos ocho kilometros al Oriente del Navia.** Probablemente este límite estará determinado por razones históricas tan antiguas, que tendrá algo que ver con el límite de los conventos

jurídicos Asturicense y Lucense; el río Navia, según Plinio, separaba á los astures pécicos de los gallegos lucenses. (Menéndez Pidal, 1906: 31).

3.- Dámaso Alonso, poeta e filólogo criado en La Felguera, oriundo dos Ozcos e Castropol, discípulo de Menéndez Pidal e director da RAE entre 1968-1982, foi o acuñador da denominación “gallego-asturiano”:

Frente a la cortante división administrativa entre Galicia y Asturias, el lenguaje ofrece una serie de gradaciones (...) Baste hoy decir que la afirmación ya antigua de que el gallego llega, dentro de Asturias, hasta el río Navia, es justísima, si bien, como es sabido, algunos fenómenos típicamente asturianos penetran al Oeste de esa línea. **Estas hablas de entre el Navia y el Eo fundamentalmente gallegas, pero con algunos rasgos asturianos, las designo con el nombre de gallego asturiano.** (Alonso, 1945, 1972: 391).

Llamamos gallego exterior o gallego-leonés al hablado fuera de Galicia en tierras españolas limítrofes con ella. El gallego exterior o gallego-leonés comprende una serie de hablas que son básicamente gallegas, con rasgos que, aunque a veces varían respecto al gallego considerado como normal en Galicia,

están dentro del sistema lingüístico galaico si lo miramos en una perspectiva sincrónico-diacrónica; pero junto a estos rasgos esencialmente galaicos, presentan siempre las hablas del gallego exterior unos pocos que son propios del leonés. Una rama del gallego leonés es el hablado en el extremo occidental de Asturias, que muchas veces, por rapidez, llamamos gallego-asturiano. (Alonso, 1959, 1972: 315-316).

Compárense as palabras de Dámaso Alonso e o seu concepto de “gallego (-) asturiano” –con e sen guión– (“por su fonética, por su morfología y su sintaxis es **un habla gallega, con unos cuantos (muy pocos) rasgos coincidentes con el asturiano**”) coa mal intencionada e perversa interpretación que fai a ALLA (2006: 28):

Precisamente fue Dámaso Alonso quien discurrió el término de ‘gallego-asturiano’ para llamar a lo que se habla en el extremo occidental **por tener trazos comunes con las dos lenguas** (*sic*).

A ALLA dá a entender que o “galego-asturiano” é unha mestura (un tipo de “ames-táu”) entre galego e asturiano, unha lingua híbrida (“lingua de transición”), cando o termo “galego-asturiano” refírese sempre a

falas lingüísticamente galegas en territorio politicamente asturiano que –loxicamente– presentan algúns trazos comúns co asturiano canto máis acaroadas xeograficamente estean do asturiano. Evidentemente posúen trazos característicos (non exclusivos) do asturiano, pero nunha proporción mínima en relación coa presenza maioritaria nelas de características galegas.

4.- Rafael Lapesa, catedrático de Historia do Español, profesor en dez universidades americanas entre 1948-1968 e secretario da Real Academia Española; experto en asturiano medieval e premio Príncipe de Asturias das Letras 1986:

El gallego penetra en Asturias, León y Zamora, y hay una zona fronteriza donde se mezclan caracteres de ambos dialectos. La divisoria, muy borrosa, corre entre el río Navia y la sierra del Rañadoiro. (Lapesa, 1968).

5.- Alonso Zamora Vicente, catedrático de Filoloxía Románica, filólogo, dialectólogo e lexicógrafo; casado coa escritora asturiana M.^a Xosefa Canellada, foi membro da Academia de la Llingua Asturiana ata o seu falecemento:

Los límites occidentales son más precisos. No coinciden los límites lingüísticos con los límites administrativos. **En Asturias, el gallego penetra hasta el río Navia. La orilla izquierda habla una variedad del gallego de Lugo.** (Zamora, 1970: 85).

6.- L. Rodríguez-Castellano, dialectólogo e lingüista asturiano:

(...)intentaremos delimitar una particularidad fonética, considerada como rastro típico del asturiano-leonés, **que se encuentra en zona de habla gallega** (...). Vamos, pues, a dar a conocer en este trabajo la extensión del fenómeno fonético de la palatalización (...) dentro de la **variedad dialectal que agrupamos con el gallego.** (Rodríguez-Castellano, 1975: 137).

7.- Jesús Neira Martínez, dialectólogo, lexicógrafo e lingüista asturiano:

[En Asturias] coexisten y alternan en ella desde los primeros siglos de la Reconquista tres modalidades lingüísticas: el castellano, lengua común entre todos los hablantes de la región; **el gallego, en la variedad de gallego-asturiano, en la zona comprendida entre el Navia y el Eo, y en el resto un conjunto de hablas románicas, ni gallegas, ni castellanas por su origen, a las que llamamos bable.** (Neira, 1989: 14-15).

8.- Emilio Alarcos Llorach, catedrático da Universidade de Uviéu desde 1950 a 1998, membro da Real Academia Española desde 1972 a 1998, académico fundador da ALLA e introdutor das teorías da lingüística estrutural en España:

Mucha gente (la gente política o politizada) se molesta por la tendencia de los gallegos de creer que **lo que se habla en Asturias**, desde los cordales montañosos a la derecha **del Navia hasta Galicia, es sin duda gallego. Nadie puede discutirlo con razones lingüísticas**, por muy asturianos que administrativa y hasta históricamente se sientan los habitantes del poniente del Principado. (Alarcos Llorach, *La Voz de Asturias*, 17 de diciembre de 1990).

9.- Otto Winkelman e Michael Metzelin, romanistas alemáns, este último coeditor do *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, a mellor e máis completa enciclopedia das linguas románicas, de referencia e consulta obrigada, e membro de honra da ALLA desde 2001:

Das Galegische hat Seine Wiege im Nordwesten der Iberischen Halbinsel zwischen dem Navia und dem Unterlauf

des Miño, d.h. in dem von den ehemali-
gen Gallaeci besiedelten Gebiet. [O
galego ten o seu berce no noroeste da
península Ibérica, entre o Navia e o
curso inferior do Miño, é dicir, no terri-
torio poboado polos antigos Gallaeci.]
(Winkelman-Metzselzin, 1992: 19).

Neste volume do *Lexikon der Romanistischen Linguistik* (VI,1), a “biblia” da lingüística románica actual, figura ao principio un mapa coas áreas lingüísticas peninsulares, no que a lingua galega entra en zonas occi-
dentais de Asturias, León e Zamora, igual
que a asturiana penetra en León,
Cantabria, Zamora e Portugal.



10.- Henriette Walter, lingüista da Universidade de Rennes (Bretaña).

Hoje em dia, [o galego] é falado na região autónoma da Galiza, mas tam-
bém em zonas limítrofes como as
Astúrias, Leão e a provincia de Zamora.
(1996: 182).

11.- F. Xavier Frías Conde, romanista
de orixe eonaviega, escritor en asturiano e
en galego de Asturias, acuñador da denomi-
nación “eonaviago”:

Na Romanística tradicional, a fronteira
entre galego e asturiano foi abondo
nítida, xa desde Dámaso Alonso, aínda
que este autor chamase ao galego de Asturias
ou eonaviego galego-asturiano. Esta infeliz
denominación trouxo e trae problemas
respecto da identidade do idioma, aínda
que o estudoso recoñeceu sempre que se
tratase de galego. (2004: 93).

**5.B) Académicos da Academia de la
Llingua Asturiana (ALLA):**

1.- Lorenzo Mier Novo, académico xa
falecido da Academia de la Llingua
Asturiana:

Generalmente **sus características
son las del galaico lucense**, aunque
en las proximidades de la zona occi-
dental del bable se conservan aún,
aunque diluidos, rasgos de éste, que
van perdiéndose gradualmente con-
forme nos acercamos a la región
gallega, hasta su total desaparición.
(Mier, 1980).

2.- Ana Cano, catedrática de Filoloxía
Románica da Universidade de Uviéu e presi-
denta da Academia de la Llingua Asturiana
(ALLA)⁸:

Na faza más occidental d’Asturies,
más o menos **entre’l Navia y l’Eo,
fálase una variedá del gallegu de
Lugo**, amestándose nella los rasgos
gallegos colos asturianos (...) los
pueblos onde se diz terra ya porta
quedarían dientru’l territoriu de fala

8. Como vimos en capítulos anteriores, desde hai uns anos Ana Cano defende a postura actual da ALLA: o falado no Eo-Navia non é galego, é unha nova lingua asturiana, unha “lingua de transición” con mestura (en igual propor-
ción?) de trazos galegos e asturianos, pero sobre todo política e administrativamente asturiana, por iso a ALLA ten
que velar por ela, aínda que non sexa propiamente unha variedade lingüística do asturiano.

gallega o astur-gallega, mientras que los pueblos onde se diz tierra y puerta quedaríen al este, nel territoriu de fala asturiana. (Cano, 1987: 151-152).

3.- Xosé Lluís García Arias, profesor da Universidade de Uviéu e ex-presidente da ALLA⁹:

Jamás se ha denominado a esa variante lingüística con tal nombre [astur-galaico], porque **no es una variante del asturiano, sino del gallego**. Su nombre ha sido siempre gallego-asturiano. (García Arias, *La Voz de Asturias*, 13 de xullo de 1988).

4.- Ramón d'Andrés, doutor en sociolingüística, profesor da Universidade de Uviéu, académico numerario da ALLA e director da Oficina de Política Llingüística del Principáu d'Asturies:

Colos datos filolóxicos na mano, y quitando tou apasionamiento, ha afirmase qu'**una parte d'Asturies, dentro la franxa ente'l Navia y l'Eo, ye de fala**

gallega. (...) Qu'hai una Asturias gallegofalante ye daqué mui comentao en bien de sitios, menos ellí onde se xeneren opiniones oficialmente correctes. Yelo porque la caracterización **de los trazos d'esos fales pesa más pal llau llingüísticu gallegu** que del 'bable'. Esto yá lo dexó claro'l propiu Pidal y posteriores dialectólogos, en particular Dámaso Alonso (...) En definitiva, todo ello nun invalida'l fechu yá comentáu de que **dentro de la franxa del Navia-Eo fálase gallegu**. Lóxicamente, el gallegu del Navia-Eo nun ye como'l de Vigo; ye una variedá (o un conxunto de variedaes) qu'en xunto puen llamase gallego-asturianu, nome mui correctu, pues demuestra que se trata precisamente d'un gallegu de transición al asturianu. (Léxicamente, tamién hai un asturianu de transición al gallegu: ye l'asturianu occidental de les zones C y D, polo menos en parte (D'Andrés, 2000: 40-41).

Pero a esto hai qu'amestar que, mírese por onde se mire, **el gallego-asturiano tien llazos innegables cola llingua**

9. Na actualidade García Arias opina, como Ana Cano, que o galego de Asturias é unha ambigua "lingua de transición", pero asturiana en todo caso, por razóns xeográficas e administrativas, porque por razóns lingüísticas é imposible argumentar nada serio.

gallega, yá seya porque filológicamente se considere una modalidade de gallegu, yá seya porque simplemente axunta permunches asemeyances con él. Asina les cosas, **ye lóxico que los defensores del gallegu y les sos institucións observen con interés lo qu’asocede cola fala del Eo-Navia.** Esi interés ye razonable y llexítimu, tanto polo menos como l’interés que los defensores del asturianu muestren pa col asturianu que se fala en Lleón, Zamora y Miranda del Douro (Portugal). (D’Andrés, *La Nueva España*, 30 de outubro de 2005).

36

5.- Antonio García Oliveros, navegio e membro xa falecido da ALLA:

El bable qu’usaba Cuesta nun me yera, daquela, familiar nin mucho menos, yá que’l que s’utiliza na mio comarca ye’l llamau occidental, **coles contaminacións fronterices del gallegu, más bien filiar deste últimu, y tan diferente al central** que’l sabiu filólogo Dámaso Alonso propugna pola denominación de gallego-asturiano, refugando la de bable occidental, qu’estima inadecuada y susceptible d’inducir a errores filolóxicos. (VVAA, 2003: 10).

5.C) Informes oficiais de organismos e institucións europeas:

1.- Informe do 21 de setembro de 2005 do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre a aplicación en España da *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*.

O recente informe do Comité de Expertos do Consello de Europa de 2005 deixa moi clara a competencia político-administrativa exclusiva que ten o Principado sobre o “galego-asturiano”, aínda que anima o Principado a potenciar esta lingua na mesma medida que o asturiano (punto 129), a introducila eficazmente no ensino (punto 112) e a proporcionar información sobre cal é o órgano científico asesor das autoridades político-administrativas sobre o galego de Asturias (punto 202); pero non ofrece este informe dúbida ningunha da filiación lingüística do falado entre o Eo e o Navia, ao se referir a esta variedade como “variante del gallego”, “gallego en Asturias” etc. A cita coa que principiabamos este informe denuncia ben ás claras a orixe de todo o problema:

La situación del **gallego-asturiano** no está clara, pero parece que apenas se han realizado esfuerzos para promover esta lengua, ya que **sigue sin reconocerse claramente su identidad específica como variante lingüística del gallego.** (2005: 170).

Pero todo ao longo do informe, o Comité de Expertos do Consello de Europa vai denunciando unha serie de eivas que aferrollan o galego de Asturias.

44. Asimismo, **en Asturias se habla una variante del gallego (el gallego-asturiano).**

94. (...) **es necesario redoblar los esfuerzos para promover la identidad específica del gallego en Asturias.**

129. El Comité de Expertos alienta a las autoridades competentes a tomar medidas encaminadas a fomentar la presencia y visibilidad del **gallego-asturiano** en la vida pública.

137. No se facilitó información específica sobre el mantenimiento y refuerzo de los **vínculos entre los gallegoparlantes que viven en Asturias y aquellos que viven en Galicia.**

170. (...) las autoridades, que demostraron un alto grado de sensibilización acerca de la situación lingüística del **gallego en Asturias** (...) pero no quedó muy claro la medida en que dicho atlas abarcaría específicamente el **gallego en Asturias** (...).

Para o Comité de Expertos do Consello de Europa, o mesmo comité que reivindica perante as autoridades autonómicas e estatais a cooficialidade do asturiano, non cabe dúbida de que o denominado oficialmente “gallego-asturiano” é unha variedade da lingua galega falada en Asturias, mais unha variedade de galego non suficientemente potenciada polas institucións, as autoridades políticas e os poderes mediáticos asturianos, posto que apenas ten visibilidade, ten unha escasísima presenza escolar e carece de autoridade académica recoñecida.

37

5.D) Declaracións de políticos, sindicalistas, institucións e persoeiros do mundo social, político e cultural asturiano:

1.- Xuan Ignaciu Llope, psiquiatra e dirixente político asturianista¹⁰:

Fálase asturianu n’Asturies de Santillana (Santander), fálase na Maragatería, La Cabrera, na Tierra d’Aliste y na metade de Sanabria; fálase na Tierra de Miranda

10. Na actualidade, Xuan Ignaciu Llope apoia as teses da ALLA.

(Portugal) y fálase'n fasteres de Salamanca, Palencia y Zamora. Amás, ente los ríos **Navia y Eo fálase gallegu**. (Llope, 1989: 46).

La pertenencia d'una **comunidá de 50.000 persones falantes de gallegu** y con característiques específiques na so cultura a la comunidá asturiana plantea'l problema de la identidá, de la identificación d'esos **asturianos y asturianos que falen gallegu** cola comunidá asturiana. (Llope, 1989: 47).

38 **2.- Gaspar Llamazares, ex-coordinador xeral de IU-Asturias:**

En todo caso, como usted conoce, nuestra posición es la de desarrollar el título 4º del Estatuto de Autonomía mediante Ley. Una ley en la que nosotros consideramos compatible la preservación y promoción del uso del asturiano junto a la mayor sensibilidad con **la realidad lingüística incontestable del gallego de Asturias** (Llamazares, *A Freita* 12, de outubro de 1998).

3.- Asociación d'Escritores Asturianos (AEA) e Escritores y Traductores en Llingua Asturiana (ETLLA):

AEA y ETLLA tampoco nun quieren escaecer que'l procesu de reconocencia de la identidá idiomática d'Asturies trai

arreyao l'aplicación del marcu llegal demandáu al casu del **gallegu asturianu (sic)** (AEA-ETLLA, *A Freita* 6 de xuño de 1994).

4.- Eloy Gómez Pellón, oriúndo de Llanes, profesor titular de Antropoloxía Social da Universidade de Cantabria:

(...) Las peculiaridades zonales permiten deslindar, más allá del común denominador que une a todas ellas [las hablas de Asturias], una habla oriental, un habla central y un habla occidental, a las que se une otra más de marcada influencia gallega, cual es la hablada al oeste del río Navia. No es casualidad que esta elemental división coincida, en términos generales, con las fronteras de los grupos humanos que habitaban lo que hoy es Asturias a la llegada de los romanos (...). (Gómez Pellón, 1994: 22).

5.- Alberto Rubio Muñiz, ex-secretario xeral de CCOO de Asturias:

...Asturias es una comunidad en la que coexisten no dos, sino tres lenguas: **asturiano, castellano y gallego...** (Rubio Muñiz, *El Comercio*, 3/10/1997).

6.- Xosé Naveiras Escanlar, Pepe “el Ferreiro”, director do Museo Etnográfico de Grandas de Salime:

Soi un cidadanu asturianu y la mio cultura ye gallega. (Naveiras Escanlar, *Les Noticias*, 9 de xaneiro de 2005).

7.- Juan Ignacio Ruíz de la Peña, catedrático de Historia Medieval da Universidade de Uviéu:

Los asturianos occidentales se sintieron siempre asturianos. Desde la Edad Media los límites de Asturias han sido siempre los mismos. **Hablan gallego, ¿y qué importa eso para ser asturianos?** (Ruiz de la Peña, *La Nueva España*, 30 de outubro de 2005).

8.- Xosé Antón Fernández, “Ambás”, músico e etnógrafo asturiano:

Dos cultures diferenciaes dafechu [la de expresión asturiana y la gallego-asturiana], **nin siquiera ye un proceso de transición**. La xente puede opinar dende fuera lo que quiera. Por mucho que me digan a mi los filólogos n’Uviéu, ellí ta claro lo que fala la xente d’El Palo p’Acó y d’El Palu p’Alló. El conceyu d’Ayande ta dixebraú por esa barrera física tan grande que ye la Sierra’l Palu. La xente d’El Palu p’Acó llama a los de p’Alló “los gal.legos”. **Son xente de pueblu, que nun estudió filoloxía, pero saben mucho bien lo que se fala. Pero la diferencia nun ye namás**

l’lingüística, marca tamién l’arquitectura, la gastronomía, el folclore. (Ambás, *Les Noticias*, 5 de novembro de 2006).

9.- Vicente Álvarez Areces, presidente do Principado de Asturias:

A min sempre me gustou máis diluír fronteiras que crealas. Nas zonas limítrofes entre Asturias e Galiza hai influencias recíprocas sen dúbida. A xente que vive nelas di que usa unha “fala”. Probablemente **os filólogos encontrarán influencias notorias dunha lingua moi fermosa, unha lingua de cultura e de tradición literaria, que se fala en Galiza** e que eu respecto moitísimo. (Álvarez Areces, *A Nosa Terra*, 2 de febreiro de 2006).

10.- Perfecto Rodríguez Fernández, filólogo asturiano natural de El Franco, profesor de Filoloxía Clásica na Universidade de Uviéu:

(...) desde el punto de vista histórico y filológico está claro que no ha habido ningún tipo de galleguización del territorio Navia-Eo, sino que **el gallego de la zona es tan autóctono como el bable en el resto de Asturias**, por estar habitado a la llegada de los romanos, como hemos visto, por **tribus galaicas**. Y a nadie se le oculta que con los romanos llegó el latín. Son verdades

de Perogrullo, con las que es muy difícil estar en desacuerdo. (Rodríguez Fernández, 2006: 6).

Llevarle “fala” es un puro eufemismo que no dice nada. Se justifica porque los naturales se sienten tan asturianos que consideran un episodio molesto **llamar a su habla gallego**. Pero la realidad se impone y no se puede cambiar con simples nominalismos. **Un belga o un suízo francófonos no se sienten menos nacionales por hablar francés. Por lo tanto no pasa nada por llamar a las cosas por su nombre.** (Rodríguez Fernández, 2006: 6).

40

Pois ben, a pesar de toda esta “xurisprudencia lingüística e sociocultural”, hai quen segue insistindo en Asturias que toda esta xente é insolvente e descoñecedora, está chea de prexuízos, actúa por voluntarismo político e carece de rigor científico (Pidal, Dámaso Alonso, Lapesa, Zamora Vicente, Rodríguez Fernández, Michael Metzelzin, os

expertos do Consello de Europa etc.) ou carece de coñecementos da materia (Ambás, Pepe “el Ferreiro” etc.).

O rigor científico, a falta de prexuízos e a verdade absoluta non son patrimonio de ninguén. Agora ben, é moi raro que todas as outras academias de linguas, todas as universidades, toda a lingüística e a dialectoloxía hispánicas e románicas etc., pensen A (que o noso é galego) e só uns poucos políticos e a directiva da máxima institución lingüística da lingua asturiana pensen B (que non é galego, que é outra lingua distinta ou que é unha variedade da lingua asturiana). O máis terrible é que hoxe en Asturias pensar A, como pensa e entende todo o mundo que é experto nesta materia, está satanizado nos ámbitos mediáticos e políticos asturianos: o segmento “galego de Asturias” é tabú.

6. A NEGACIÓN DO NOME DA LINGUA EN ASTURIAS

Como acabamos de ver, toda a filoloxía, a lingüística e a romanística tradicionais e modernas se referiron sempre a estas variedades eonaviegas do occidente asturiano como “galego de Asturias”, “galego en Asturias”, “galego-asturiano” etc, entendido “galego-asturiano” como “galego falado no occidente de Asturias”, unha vez que algúns investigadores axiña se decataron de que non se podía falar de “**bable occidental**” para se referiren a

estas variedades, pois había xa un outro “bale occidental”, o asturiano occidental, diferente a este.

Nos estatutos da Academia de la Llingua Asturiana (BOPA do 14 de xuño de 1995) chámasele “**variante lingüística gallego-asturiana o astur-galaica**”¹¹. Non é lingua, para a ALLA é unha “variante lingüística” mestura de galego e asturiano pero que “a todos los efectos promoverá y velará por ella” (art.1.k). Os


11. A pesar da cita de X. Ll. García Arias de 1988 que reproducimos anteriormente sobre o inexacto da denominación “astur-galaico” porque non é unha variedade do asturiano.

estatutos da ALLA sempre se refiren ao asturiano como “llingua” e ao galego de Asturias como “variantes”, sen indicar a lingua á que pertencen esas variantes¹².

De feito, no mapa de Ana Cano “Algunos límites lingüísticos del asturiano” (1992: 653) o galego de Asturias figura dentro do

asturiano; porén, na descrición que fai Cano dos dialectos asturianos non o menciona para nada. Esta é a ambigüidade calculada na que algúns e algunhas pretenden manter a nosa lingua: na teoría non é asturiano, nunca se podería xustificar, pero na práctica é tratada coma unha simple variedade asturiana máis. Eis o mapa:

Mapa 2: Algunos límites lingüísticos del asturiano



- A-B Límite *é/ié; ó/ué*
- C-D Límite variantes occidentales y centrales
- E-F Límite *-as/-es*
- G-H Límite *f-/h-*
- I-J Límite *-es/-as*

12. No artigo 4 dos estatutos da Real Academia Galega dise literalmente: “Enténdese por idioma galego o propio de Galicia, así coma as súas variantes faladas nos territorios exteriores (Asturias, León e Zamora)”. Estes estatutos da RAG foron promulgados polo Rei Juan Carlos e o ministro de Educación e Cultura daquela época, Mariano Rajoy, no Real decreto 271/2000 do 25 de febreiro e publicados no BOE do 4 de marzo de 2000. Os estatutos da ALLA só foron aprobados en Asturias e publicados no BOPA.

Cando no ano 1986 a Consejería de Educación, Cultura, Deportes e Xuventude organizou o “**I Curso de lengua asturiana para enseñantes de la zona asturgalaica**”, en Navia en setembro e na Veiga en decembro, chamoulle “**lingua autóctona**”, posteriormente chamoulle “variante del asturiano” e en 1988 esta consellaría xa modificara a súa postura en favor da neodenominación “**astur-galaico**”, condenada xa nesta época polo presidente da ALLA.

O 29 de xuño de 1990, nun documento asinado en Taramundi polos presidentes Pedro de Silva e Manuel Fraga, falábase xa de “**gallego asturiano**” (substantivo e adxectivo, nome da lingua e nome do territorio, sen guión nin barra). Neste documento Galicia ofrecíase a Asturias para axudar na promoción do galego en Asturias e Asturias agradecía o xesto. É triste recoñecer que hoxe, dado o envenenamento político-mediático, por desgraza ese xesto de solidariedade non sería visto con moi bos ollos, e mesmo un ofrecemento de colaboración recente (2005) foi rotundamente rexeitado polas autoridades

asturianas co argumento de que o falado no Eo-Navia non é galego senón unha (anónima) “lingua nova”.

Oficialmente, no Estatuto de Autonomía do Principado de Asturias só se recoñece o “bale en sus diversas variantes”, sen que apareza mención ningunha ao galego. Na Lei 1/1998 do 23 de marzo, de promoción do bale/asturiano cítase o galego de dúas maneiras: no artigo 2 como “**gallego/asturiano**”; na disposición adicional como “**gallego-asturiano**”.

43

Estas son as dúas denominacións oficiais e legais posibles en Asturias, con guión ou con barra; outras denominacións serían alegais ou ilegais, da mesma maneira que a única denominación oficial e legal do asturiano en Asturias é a de “bale/asturiano”.

Non obstante, tanto autoridades políticas (gobierno, consellarías, concellos etc.) como medios de comunicación, partidos políticos ou institucións varias, teiman na denominación inadecuada de “**fala**”, certamente a única maneira de denominaren popularmente

os falantes o que falan; calquera falante de calquera lingua do mundo di que fala unha fala, os de Llanes tamén falan a fala, os de Palacios del Sil falan fala etc., pero iso cientificamente é unha denominación inaceptable, impropia de persoas formadas e institucións serias e rigorosas.

Os propios falantes son conscientes da incorrección desta denominación. Véxase o punto 1.a) da acta aprobada por unanimidade polo Consello Escolar do CP Comarcal de Boal o 27 de xuño de 1990, cando a Consejería de Educación lle propuxo a introdución da “fala” como materia optativa: “Es inaceptable el nombre de ‘fala’ por ambiguo e impreciso para la materia que se quiere impartir”.

O que resulta a todas luces incomprendible é a incoherencia dos defensores de que non se lle chame bable á llingua asturiana polas connotacións pexorativas e degradantes que ten este termo, pois moitos destes mesmos defensores da denominación llingua asturiana son os mesmos que defenden e imponen a denominación degradante de “fala” e non lingua galega (de Asturias).

O 2 de decembro de 1993 a Dirección Rexional de Educación comezaba unha campaña de promoción lingüística. No Eo-Navia o lema era “Diyo na tua fala”, no resto de Asturias era “Di-yo n’asturianu”, co que se podía deducir que a lingua falada en dezaoitto concellos do occidente asturiano non tiña nome: sería unha lingua anónima?

Vinte anos máis tarde, a teima coa etiqueta “fala” continúa: Izquierda Unida-Bloque por Asturias presentou a finais de 2005 unha moción legal e eticamente criticable nalgúns concellos eonaviegos sobre a asturianía da “fala”. Outra moción semellante foi levada á Xunta Xeneral del Principáu (parlamento) e aprobada por unanimidade. Deste xeito, o 29 de novembro de 2005 a Xunta Xeneral del Principáu acordou por unanimidade declarar que “la asturianía social y cultural del territorio asturiano del Navia-Eo es incuestionable y que **tanto la lengua asturiana como la fala** forman parte irrenunciable del patrimonio cultural asturiano”. Vexamos de novo a dobre denominación, infravalorativa, desprezativa, degradante para nós: **Llingua** (asturiana)

vs. **fala**, o que é insultante para os asturianos falantes de variedades galegas: unha persoa de Pravia fala unha lingua, pero unha de Boal só fala unha fala. Isto foi o que aprobou o parlamento: o desprezo da nosa lingua en aras da defensa da asturianía, cando Asturias e a asturianía ou son trilingües ou non son.

Reparemos por un momento nas seguintes etiquetas que lle viñeron dando á nosa expresión toda a lingüística, a Academia de la Llingua, os políticos e a prensa asturianos, para comprobarmos como van modificando as etiquetas, como se con iso conseguisen modificar a verdade científica e a realidade cultural da nosa terra:

Lingüística	ALLA	Formas legais na Lei 1/1998	Políticos e prensa	Parlamento asturiano (2005)
Asturiano ou bable	Llingua asturiana	Bable/asturiano	Llingua asturiana	Llingua asturiana
Galego oriental ou de Asturias Galego eonaviego	Variedade gallego-asturiana ou astur-galaica Eonaviego	Gallego/asturiano Gallego-asturiano	Fala Gallego-asturiano Astur-galaico Eonaviego Asturiano	Fala

45

Practicamente ninguén respecta as denominacións oficiais, legais en Asturias. Case toda a clase política e os poderes mediáticos falan de “asturiano” ou “llingua asturiana”, porque “bable” é pexorativo e felizmente se van impoñendo as denominacións dignas,

pero logo refírense ridiculamente ao gallego-asturiano como “fala”, como fixo o propio Parlamento de Asturias hai escasamente un ano, ignorando as súas propias leis, neste caso a Lei 1/1998 do 23 de marzo de uso e promoción do bable/asturiano.

Con vistas ao novo estatuto, consciente deste desequilibrio (lingua/fala) e, sobre todo, para evitar a etiqueta “pexorativa” (*sic*) de “gallego-asturiano” (pexorativa polo de “gallego”, é de supoñer) a presidencia da ALLA suxeriu o 3 de decembro de 2006 (vid. *La Nueva España* e *La Voz de Asturias* dese día) a substitución desta denominación oficial de “gallego-asturiano” pola de “eonaviego”, etiqueta acuñada e empregada historicamente polas asociacións reivindicadoras do galego de Asturias ou “galego eonaviego”, pero neste caso usada retortamente para evitar calquera relación co galego

46

O director xeral de Promoción Cultural e Política Lingüística, D. Carlos Madera, replicou advertindo que “eonaviego” é un nome que lle dan “grupos extremistas (*sic*) de Galicia para definir esta lingua”¹³, e que a denominación de “fala” é máis correcta porque é como lle chama a xente (*El Comercio de Xixón*, 4 de decembro de 2006).

Recentemente na prensa asturiana está aparecendo con profusión a etiqueta recomendada pola ALLA: eonaviego. Por exemplo, o 19 de xaneiro de 2007 dáse noticia en toda a prensa de que algúns xulgados asturianos están recibindo comunicacións da Conseyería de Xusticia “en asturiano e eonaviego”. Este termo predomina agora sobre o de “fala” relegando totalmente a única denominación legal, “gallego-asturiano”, debe ser porque este último termo é “pexorativo”, como explicou a presidenta da ALLA.

En *La Nueva España* dese mesmo, 19 de xaneiro de 2007, alcánzase o clímax da degradación e confusión denominativa cando dan noticia da denuncia feita polo CSIF (Central Sindical Independiente y de Funcionarios) sobre o feito de que ao xulgado de Castropol chegasen **documentos “en asturiano (en su versión fala)”**. Isto é o que persegue a ALLA e o que non impiden as autoridades lingüísticas asturianas: que se comece a bombardear que a

13. “Extremistas”, en terminoloxía de D. Carlos Madera, deben ser as universidades galegas, os manuais e informes que circulan en Galicia e fóra dela, todos os usos denominativos dos ámbitos e institucións culturais, políticos etc., que se refiren a estas variedades co título xenérico de “galego de Asturias” ou “galego eonaviego”.

“fala” é unha variedade do asturiano, por ser asturiana e por estar “tutelada” pola Academia de la Llingua Asturiana. Un glotocidio sen máscara perfectamente calculado.

Lingua é un sistema comunicativo oral e escrito regrado e estruturado, propio dunha determinada comunidade humana. Fala é a concreción particular dunha lingua, dese sistema, nun individuo, localidade, comarca ou grupo nun momento determinado, con características propias dentro doutro sistema máis extenso: “a fala de Vilanova”, “a fala dos nosos maiores”, “a fala da montaña”, “a fala dun escritor” etc.

Se toda fala pertence a unha lingua, a que lingua pertencen a fala ou falas do Eo-Navia, ao asturiano ou ao galego? Se a resposta é que a ningunha das dúas, que constitúe lingua propia (“de transición” din algúns), entón deberá ter un nome, porque fala é todo acto de falar, toda conversa ou diálogo, pero non o nome de ningunha lingua. Se o director xeral Carlos Madera considera que a fala é lingua propia, entón é imposible que sexa “fala”. Coñece o señor Madera algunha lingua que se chame “lingua”? Quen o asesorou tan “cientificamente” neste tema?

Todo vale con tal de lle negar calquera relación co galego, comezando polo nome: fala, eonaviego, lingua de transición, lingua nova etc. Lembremos de novo as palabras do filólogo asturiano e profesor da Universidade de Oviéu Perfecto Rodríguez Fernández (2006: 6):

Llamarle ‘fala’ es un puro eufemismo que no dice nada (...) Pero la realidad se impone y no se puede cambiar con simples nominalismos.

Perdamos os asturianos e as nosas institucións o medo e a vergoña a recoñecer unha verdade que nos debería facer máis libres, máis ricos, dignos e orgullosos; perdamos o medo a chamarlles ás cousas polo seu nome sen temor a ser menos asturianos: no extremo occidental do Principado, entre os ríos Navia e Eo, vivimos 40.000 asturianos que falamos unhas variedades de galego, galego de Asturias. Asturias ten, pois, un plus de riqueza: é trilingüe, ten dúas linguas naturais, galego e asturiano, e outra importada e común co resto do estado: o castelán. As tres deberían ser cooficiais nunha Asturias plural, moderna e orgullosa do seu patrimonio, nunha Asturias normal e normalizada acorde cos tempos.

7. NOTAS LINGÜÍSTICAS

7.1. O chamado oficialmente en Asturias “galego-asturiano” é un conxunto de tres zonas dialectais con falares de filiación lingüística galega, do galego oriental:

a) **Variedade “taramundesada”**, usada nos concellos de Santiso de Abres e Taramundi, xunto coa localidade da Trapa (Santalla de Ozcos) e as parroquias de Abres e Guiar (A Veiga) e Santa Comba dos Coutos (Ibias). Os trazos máis característicos desta variedade son:

-Ditongo *ei* en formas como *estreito* e *dereito*.

-Redución de *ua* en *a* en palabras do tipo de *catro*, *canto* e *cando*.

-Presenza de voces con *ai* como *baixo* e *caixa*.

-Terminacións *-in*, *-iña*, *-iños*, *-iñas*: *camín*, *neniña*, *camiños*, *neniñas*.

-Formas do tipo *cheo*, *chea*, *cheos*, *cheas*.

-Artigos *o*, *a*, *os* e *as*: *o neno*, *a nena*, *os nenos*, *as nenas*.

-Posesivos *meu(s)*, *teu(s)* e *seu(s)*.

-Pronomes átonos *o*, *lo* e *no*: *véxoo* / *non-o vexo* / *verémolo*.

-Uso das formas verbais *tes* e *vés*, igual que no galego central e occidental.

b) **Variedade “astur-negueiresa”**, usada nos concellos de Castropol, A Veiga, Tapia de Casarego, Eilao, Vilanova de Ozcos, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos, Pezós, Grandas de Salime, parte meridional de Allande e Ibias.

Tamén teñen este tipo de fala no concello galego de Negueira de Muñiz e nas localidades galegas de Porto de Baxo (Ribadeo) e Pántaras (A Fonsagrada), xunto coa localidade da Peliceira, partillada entre Ibias e Navia de Suarna.

-Formas do tipo *estreto* e *dereto*, salvo nos concellos de Ibias e parte de Negueira de Muñiz, que rexistran *estreito* e *dereito*.

-Conservación do ditongo *ua* en formas como *cuatro*, que adoita reducirse en *cuanto* e *cuando* dando orixe ás variantes *conto* e *condo*.

-Ausencia de ditongo *ai* en voces como *baxo* e *caxa*.

-Terminacións *-in*, *-ía*, *-íos (-ius)*, *-ías*: *camín*, *nenía*, *camíos (camius)*, *nenías*.

-Formas do tipo *chen*, *chea (chía)*, *cheos (chíos)*, *cheas (chías)*.

-Artigos *el*, *a*, *os* e *as*: *el neno*, *a nena*, *os nenos*, *as nenas*.

-Posesivos *meu(s)*, *tou(s)* e *sou(s)*.

-Varios sistemas para os pronomes átonos de terceira persoa: *véxolo*, *véxol / non lo vexo*, *non-o vexo / verémolo*.


-Formas verbais *teis* e *veis*.

Esta área dialectal presenta unha fala de transición de cara ao asturiano occidental, a que se utiliza nas parroquias de Sisterna/Estierna (Ibias) e Trabado/Trabáu (Degaña).

c) Variedades “baixonaviegas” da parte oriental de Tapia de Casarego, norte de Eilao, occidente de Allande, A Caridá, Coaña, Boal, Navia e Villaión. Esta zona coincide basicamente co astur-negueirés. O seu trazo máis característico é a palatalización de L- inicial e -LL- intervocálico latino. Fronte a formas coma *leite* e *vale* do resto do galego, aquí encontramos *lleite* e *valle* (pronunciadas con ieísmo en Navia, Coaña e outras zonas).

No concello de Navia e na parroquia de Arbón xa aparecen os artigos *el*, *la*, *los* e *las*, así como o pronome *iou (ieu)* en vez de *eu*.

Esta área presenta dúas falas de transición de cara ao asturiano occidental: unha é a da parte oriental do concello de Navia e outra a das parroquias de Villaión e Oneta (sen considerarmos dentro delas, nos dous casos, as asturianooccidentais das localidades tradicionalmente chamadas vaqueiras).



Vexamos un exemplo das tres zonas lingüísticas eonaviegas co mesmo texto:

A) Viña ela por abaixo co leite, por aquel camín tan estreito que chega á pontiña da Valiña, por unde os da aldea nosa temos dereito de paso, cando apareceron cuatro cais deses bravos. Os cais eran grandes coma os meus pecados e seguro que tarían cheos de carrachas. Ela nin medo tiña, agarrou coa mao un pao do terreo e fíxoos fuxir. Véxoos eu i escapo a correr; que nunca chegue a velos! Pois tanche alí os cabrois dos cuzos, esperando á xente, veralos en canto vaias. Quérelas? Regálochos eu... Teus pra sempre!

B) Vía ela por abaxo co(e)l leite, por aquel camín tan estre(i)to que chega á pontía da Valía, por unde os da aldea nosa temos dere(i)to de paso, cando apareceron cuatro cais desos bravos. Os cais eran grandes coma os meus pecados i seguro que tarían cheos (chíos) de carrachas. Ela nin medo tía, agarrou coa mao un palo del terrén i fíxolos fuxir. Véxolos eu i escapo a correr; que nunca chegue a velos! Po(i)s tanche alí os cabrois dos cuzos, esperando á xente, veralos en conto vaias. Quérelas? Regálochos eu... Tous pra sempre!

C) Vía ella por abaxo co(e)l leite, por aquel camín tan estreito que chega á pontía da Vallía, por unde os da aldea nosa temos dereto de paso, cando apareceron cuatro cais desos bravos. Os cais eran grandes coma os meus pecados i seguro que tarían cheos (chíos) de carrachas. Ella nin medo tía, agarrou coa mao un palo del terrén i fíxolos fuxir. Véxolos eu i escapo a correr; que nunca chegue a velos! Po(i)s tanche alí os cabrois dos cuzos, esperando á xente, veralos en conto vaias. Quérelas? Regálochos (i)eu... Tous pra sempre!

Vexamos o mesmo texto agora en galego e asturiano e comparemos:

Viña ela por abaixo co leite, por aquel camiño tan estreito que chega á pontiña da Valiña, por onde os da aldea nosa temos dereito de paso, cando apareceron catro cans deses bravos. Os cans eran grandes coma os meus pecados e seguro que estarían cheos de carrachas. Ela nin medo tiña, agarrou coa man un pau do chan e fíxoos fuxir. Véxoos eu e escapo a correr; que nunca chegue a velos! Pois estanche alí os cabróns dos cuzos, esperando á xente, veralos en canto vaias. Quérelos? Regálochos eu... Teus para sempre!

Venía ella per baxo cola lleche, por aquel camín tan estrechu que llega a la pontina de La Vallina, por onde los de la nuestra aldea tenemos derechu de pasu, cuando aparecieron cuatro perros desos bravos. Los perros yeran grandes como los mis pecaos y seguro que taríen llenos de cachiparros. Ella nin mieu tenía, agarró cola manu un palu del suelo y fíxolos fuxir. Véolos yo y escapo corriendo; que nunca llegue a velos! Pos tan ellí los cabrones de los perros, esperando a la xente, veralos en cuanto vaias. Quiérelos? Regálotelos yo... Tuyos pa siempre!

53

7.2. Os falares do “galego-asturiano” constitúen unha gradación aproximativa do galego ao asturiano, de menor a maior proximidade a este desde o Eo ata o Navia, do mesmo xeito que o “asturiano occidental” constitúe unha gradación

aproximante do asturiano ao galego. “A coincidencia de moitas isoglosas entre galego de Asturias e asturiano occidental é algo que non desdubuxa a identidade de ambos os falares”, en palabras de Frías Conde (2004: 98).

7.3. Polo mesmo motivo que o asturiano occidental (a “faliel.la” do Padre Galo) non é unha “lingua de transición” entre asturiano e galego, o “galego-asturiano”, ou galego de Asturias non é ningunha “lingua de transición” entre galego e asturiano, como se ten repetido sen criterio ningún. O asturiano occidental forma parte do asturiano e o “galego-asturiano” forma parte do diasistema galego.

54 7.4. Os falantes das diferentes variedades de “galego-asturiano” son cidadáns asturianos, agás os do concello lugués de Negueira de Muñiz e dos lugares de Ribadeo, A Fonsagrada e Navia de Suarna arriba referidos (fala de tipo astur-negueirés); é dicir, tamén se falan variedades “galego-asturianas” en Galicia, como se falan variedades 100 % galegas en Asturias (falas de tipo taramundés).

7.5. A política lingüística do “galego-asturiano” en Asturias é competencia exclusiva do Principado de Asturias e só ao Principado competen **todas** as medidas de normalización lingüística.


7.6. Se o “galego-asturiano” forma parte do diasistema galego, non poderá ser a Academia de la Llingua Asturiana que estableza as súas orientacións normativas, senón o Principado co asesoramento científico da Real Academia Galega. Non pode ser que unha academia dunha lingua, a da Llingua Asturiana, estableza o modelo escrito de dúas linguas, a súa e outra, forme profesorado e funcionariado nas dúas linguas etc.; sería tan ilóxico como se a Academia Galega establecese as normas ortográficas e morfolóxicas do asturiano, formase os docentes e tradutores de asturiano e expedise os títulos de asturiano.

7.7. Segundo as enquisas, os falantes apoian maioritariamente a normalización do “galego-asturiano”, polo que a administración asturiana debería acometer este labor con urxencia, comezando polo recoñecemento e cooficialidade do galego na terra Eo-Navia e do asturiano no resto de Asturias. Cando Asturias asuma este feito, se enorgulleza da súa riqueza lingüística e cultural e se propoña protexela, recuperala e difundila, poñela en valor como a súa

maneira diferencial de estar no mundo, darase un paso de xigante no respecto dos dereitos lingüísticos das persoas, nos dereitos humanos de todos os asturianos, falen asturiano, castelán ou galego de Asturias.

A propósito disto, e como nota final a este apartado, queremos lembrar o escrupuloso respecto que manteñen as autoridades catalás cos 5000 falantes de occitano aranés do Val d'Aran (Lleida). De feito, o aranés conta cun Estatut Especial d'Aran desde 1990 e no Estatuto de Autonomía de Cataluña de 2005 establécese a súa oficialidade (art. 6.5) e o dereito dos araneses a coñecerem e utilizaren a súa lingua (art. 11).

Os falantes de aranés son o 0'07 % dos habitantes de Cataluña e o 4 % dos habitantes da provincia de Lleida. Os falantes de galego de Asturias somos o 4 % dos habitantes de Asturias. Os primeiros teñen recoñecemento no estatuto catalán, un estatuto propio e unha relativa protección legal. Nosoutros, os falantes de galego do Eo-Navia nada diso temos aínda, e iso que a Constitución Española di que todos somos iguais e debemos ter os mesmos dereitos. Os 40000 falantes de galego no Eo-Navia temos cero dereitos en comparación cos 5000 falantes de aranés en Cataluña. Isto ten que cambiar.



Fronteira lingüística entre o galego e o asturiano segundo Xoán Babarro (2003: 184).

8. PROXIMIDADE E DISTANCIA ESTRUCTURAL ENTRE O GALEGO, OS FALARES EONAVIEGOS E O ASTURIANO

Empregamos un medidor estándar de proximidade e distancia estrutural (fonética-fonoloxía e morfoloxía) entre galego e asturiano, introducindo como gradación as variedades galego oriental e asturiano occidental, coas tres variedades eonaviegas (taramundesa, astur-negueiresa e baixo-naviega) no medio.

O proceso seguido para esta medición foi o seguinte: tomamos vinte e oito trazos fonético-fonolóxicos e morfolóxicos diferentes entre o galego e o asturiano (os máis sobranceiros) e deixamos a un lado os numerosos trazos comúns ás dúas linguas (inexistencia de vogais nasais; mantemento do F- inicial: *facer*, *ferro/fierru*; evolucións semellantes dos grupos latinos -K'L-, -G'L-, -LY-:

abella/abeya, *tella/teya*, *palla/paya* etc.). Con estes 28 ítems medimos o grao de aproximación, ben á solución galega, ben á asturiana, das variedades lingüísticas existentes entre galego e asturiano. Estas variedades foron as seguintes:

a) **Galego oriental, en sentido amplo:** denominación ampla das variedades xeográficas do galego faladas no oriente de Lugo e Ourense e no occidente de Asturias, León e Zamora.

b) **Galego oriental taramundés** (ver apartado 7.1).

c) **Galego oriental astur-negueirés** (ver apartado 7.1).

d) **Galego oriental baixonaviego** (ver apartado 7.1).

e) **Asturiano occidental:** denominación ampla dun conxunto de falas asturianas do centro-occidente de Asturias, norte e oeste de León, noroeste de Zamora e nordeste de Portugal (Miranda del Douro). Para esta medición só se tiveron en conta as falas asturianas occidentais do Principado.

58 Condena a ALLA (2006: 28) as “clasificacións simplistas” dos filólogos galegos que só teñen en conta unhas poucas isoglosas para delimitar galego de asturiano e reclama botar man de “todas” as isoglosas. Pois ben, botamos man dos vinte e oito fenómenos diferenciais principais entre galego e asturiano, que son os seguintes:

1. Ditongación / aditongación das vogais breves tónicas latinas: *festa, nova, dente / fiesta, nueva, diente*.
2. Distinción entre abertas e pechadas: *ven/vén, peto/peto...*
3. Presenza de ditongos decrecentes: *couto, souto, cousa, cantou, levou, can-tei / coto, soto, cantó, llevó, canté*.
4. Vocalismo átono final: *forno, porto / fornu, puertu*.
5. Resultados do -N- intervocálico: *boa*

(*búa*), *unha (uha), cancións (canciois) / bona, una, canciones...*

6. Resultados de -NN-: *pano, cabana, ano / pañu, cabaña, aña*.

7. Resultados do -L- intervocálico: *moer, pao / moler, palu*.

8. Resultados de -LL-: *cabalo, ela / caballo, ella*.

9. Resultados de L- inicial: *loba / l.loba / lloba*.

10. Evolución do grupo -CT-: *estreito (estreto), peito / estrechu, pechu*.

11. Evolución do grupo -LT-: *moito (muito), souto / munchu, sotu*.

12. Evolución do grupo -ORI-: *coiro, cobertoira / cueru, cobertura*.

13. Resultados do grupo -SY-: *queixo, caixa (caxa) / quesu, caxa*.

14. Evolución de PL-, CL-, FL-: *chove, chave, chama / llueve, llave, llama*.

15. Solucións das terminacións latinas: -INU, -INA: *veciños-vecíos / vecinos*.

16. Evolución de -ANU, -ANA, -ENU, -ENA: *mao, ra, cheo(chen), chea (chía) / manu, rana, chenu, chena / manu, rana, llenu, llena*.

17. Formas do artigo: *o, a, os, as - el, a, os, as / el, la, los, las.*

18. Formas dos posesivos: *meu, teu, seu, meu, tou, sou / mió, tuyo, suyo.*

19. Formas dos demostrativos: *este, estes, ese, eses / este, estos, ese, esos.*

20. Pronome persoal de P1: *eu / yo (you).*

21. Distinción *che, te / te.*

22. Pronomes átonos *o, a/ lo, la, l'.*

23. Contraccións dos pronomes: *mo, cho, llo / me lu, te lu, -y lu.*

24. Subxuntivos irregulares: *veña, teña, vexa / venga, tenga, vea.*

25. Infinitivos conxugados: *levardes (levá-redes), levarmos (leváremos) / llevar.*

26. SNP P2 dos perfectos: *cantache, bebiche, durmiche / cantaste, bebiste, durmiste.*

27. SNP P1 dos perfectos fortes: *dixen, fixen / dixi, fixe.*

28. SNP P5: *cantades, bebedes / cantáis, bebéis.*

Analizados os resultados destes fenómenos en cada unha das linguas e variantes, o grao de coincidencia estrutural entre elas foi o seguinte:

	Galego oriental	Taramundés	Astur-negueirés	Baixo-naviego	Asturiano occidental	Asturiano estándar
Galego	96 %	96 %	85 %	78 %	18 %	0 %
	Galego oriental	100 %	89 %	80 %	21 %	4 %
		Taramundés	89 %	80 %	21 %	4 %
			Astur-negueirés	94 %	29 %	14 %
				Baixo-naviego	45 %	19 %
					Asturiano occidental	71 %

A lectura evidente que se tira disto é que:

1.- As falas “taramundesas” coinciden estruturalmente co galego oriental nun 100 %. Son, xa que logo, galego oriental sen ningún xénero de dúbidas.

2.- Na zona oriental do territorio administrativo de Galicia existen bastantes concellos con falas de tipo “taramundesas” e “astur-negueirasas”. O idioma da normalización nestas áreas é, sen problema ningún, o galego estándar, como o é o asturiano estándar central no occidente do territorio lingüístico asturiano. Os ensinantes de lingua galega nestas áreas parten da variedade local

para introduciren paulatinamente o estándar galego, con total aceptación e normalidade entre a poboación escolar.

3.- Nos fenómenos diverxentes (e identificadores) entre galego e asturiano, as falas do Eo-Navia coinciden coas solucións galegas nunha media dun 86 % e coas asturianas só nun 12 %. Vese ben ás claras que **as falas eonaviegas non son mestura de asturiano e galego porque as proporcións son moi diferentes, as coincidencias coas solucións galegas son abrumadoras e ultramaioritarias.**

Grao de coincidencia entre as falas eonaviegas, o asturiano e o galego:

	ASTURIANO	GALEGO
Falas taramundesas	4 %	96 %
Falas astur-negueirasas	14 %	85 %
Falas baixonaviegas	19 %	78 %

4.- As falas do Eo-Navia non son unha mestura a partes iguais entre trazos galegos e asturianos, como se pretende difundir errada e confusamente, son falas galegas con algúns poucos (lóxicos) trazos asturianos e algúns mínimos trazos propios, do mesmo xeito que hai falas asturianas con trazos comúns co galego e diverxentes do asturiano estándar (*primeiru, veiga, touru, muitu, cousa, chover, chave, panu, cabana* etc.), e non por iso se pode falar dunha nova “llingua de transición astur-galaica” (asturiana con trazos galegos) entre o río Navia e o centro de Asturias.

5.- A denominación oficial e legal político-administrativa “galego-asturiano” significa unicamente “conxunto de variedades galegas faladas en Asturias por cidadáns asturianos”, entre elas algunha variedade de galego oriental puro, como a que nosoutros denominamos “taramundesá”. De todos os xeitos, a denominación “galego-asturiano” é

un eufemismo empregado hoxe intencionada e perversamente para evitar chamarlles ás cousas polo seu nome: galego¹⁴.

No cadro anterior valoramos por igual todos os fenómenos diferenciais entre galego e asturiano. Se ponderásemos os fenómenos en función da súa frecuencia de aparición na fala, as porcentaxes de proximidade estrutural entre falas eonaviegas, asturiano e galego variarían lixeiramente.

A non ditongación (*festa, terra, pedra, dente, ovo, nova, chove, corpo*) ten unha frecuencia de aparición media trece veces superior á media do resto dos fenómenos. Os ditongos decrecentes (*cousa, touro, pouco, primeiro, feita, seimeira*) teñen unha frecuencia de aparición vinte veces superior á do resto dos fenómenos.

É dicir, hai algúns fenómenos lingüísticos que teñen un uso moi elevado na fala, polo que son moito máis caracterizadores que

14. Lembremos a longa cita de Ramón d’Andrés (2000: 42-43) nas páxinas 22-23.

outros cunha moito menor frecuencia de aparición (por exemplo, a evolución de PL-, CL- e FL-: *chove, chave, chama*; a evolución do -NN- latino: *pano, cabana, dano*, o uso de pronomes persoais *eu/yo*, determinadas solucións verbais etc.).

Se realizásemos esta ponderación segundo a frecuencia media de aparición dos fenómenos, os resultados sobre o grao de coincidencia estrutural entre asturiano, galego e os tres falares eonaviegos serían os seguintes:

	ASTURIANO	GALEGO
Falas taramundesas	3 %	97 %
Falas astur-negueirasas	8 %	92 %
Falas baixonaviegas	14 %	85 %

62

Con ou sen ponderación da frecuencia de uso dos fenómenos na fala (e sen abordar-mos o léxico, coincidente maioritariamente co léxico do galego oriental de Lugo e co do asturiano occidental, mais con diferenzas claras en comparación co asturiano central), queda abondo demostrado que as falas eonaviegas non son unha mestura de galego e asturiano a partes semellantes: son, como

ten dito repetidamente toda a lingüística románica, falas de filiación galega en transición ao asturiano, pero galegas todas elas en porcentaxes que superan amplamente o 75 %, e lingüisticamente asturianas só nunha mínima porcentaxe, que en ningún caso chega ao 20 %. Non hai pois “continuum”, senón que existe unha franxa de seguridade lingüística ben evidente.

As falas do asturiano occidental son lingüísticamente asturianas en transición ao galego por superaren o 70 % de coincidencia estrutural co asturiano de referencia, o central, e, por outra banda, tampouco chegaren nin ao 20 % de coincidencias co galego. Se neste caso sería incorrecto falar de “astur-galaico” como lingua distinta do asturiano, no caso anterior tamén sería incorrecto e falto de rigor lingüístico falar de “galego-asturiano” como lingua distinta do galego, “lingua de transición” ou calquera outra suposición interesada e indemostrable.

Todas as linguas dunha mesma familia son de transición, de transición entre unhas e outras. Poderíamos falar do asturiano (o conxunto de falares asturianos) como da transición lóxica entre o galego e o castelán. Polo mesmo motivo que algúns lingüistas negan a existencia de galego en Asturias argumentando que o do Eo-Navia é un “continuum llingüístico” entre galego e asturiano, outros poderían botar man desta “xurisprudencia” para argüír que non existe asturiano en Asturias, que é simplemente un “continuum lingüístico”, un “feixe de isoglosas” entre

galego e castelán. E aínda máis: que ese “continuum” asturiano debería ser tutelado e protexido pola Real Academia Española. Inconcebible e inadmisibile. O caso do galego de Asturias é paralelo a esta hipótese, o que converte a nosa situación nun esperpento inaceptable en círculos políticos, académicos e universitarios europeos.

O goberno do Principado de Asturias debería sentar as bases dunha efectiva oficialización e normalización do asturiano e do galego de Asturias, empezando por lles chamar ás cousas polo seu nome, asumindo con orgullo a riqueza e fortuna lingüística de Asturias. Desde ese momento, sería desexable e necesaria a colaboración e coordinación de todas as autoridades e institucións preocupadas polo porvir das linguas galega e asturiana en Asturias.


Vexamos agora de novo estas porcentaxes de coincidencia e distancia estrutural dunha maneira moito máis gráfica, expresada en regra de 0 a 100, pero antes teñamos en conta que para que se puidese dubidar cuns mínimos argumentos científicos da filiación dunha variedade lingüística X a unha lingua A

ou B, esa variedade X debería estar nunha franxa entre o 40 e o 60 % de proximidade estrutural con cada unha das dúas linguas (por exemplo un 45 % de proximidade con A e un 55 % de proximidade con B), cousa que non ocorre en absoluto nin coas variedades do Eo-Navia (taramundesa, astur-negueiresa e baixonaviega), nin coas variedades do asturiano occidental, como podemos ver perfectamente reflectidas.

As variedades eonaviegas, nos trazos diferenciais entre galego e asturiano, coinciden nun 96, 85 e 78 % co galego, e só un 4, 14 e 19 % co asturiano. A marxe de seguridade é moito máis que suficiente como para que poidamos **afirmar sen reserva ningunha que son falas galegas e non asturianas** nin calquera outra cousa.

64

PROXIMIDADE ESTRUTURAL CO GALEGO



9. CONSIDERACIÓNS SOCIOLINGÜÍSTICAS

Os asturianos eonaviegos sabémonos falantes de algo semellante ao galego que escoitamos nos medios audiovisuais e moi semellante ou igual (depende das zonas) ao que falan nos concellos galegos veciños. Pero, por infravaloración do que falamos, como ocurría en Galicia hai trinta anos, chamámoslle ao noso “chapurrado”, “chapurriado”, “trafullado”, “falar rancio”, “falar bruto” etc. Dámonos conta da nosa identidade fronte ao castelán, ao asturiano do outro lado do Rañadoiro e ao galego estándar, pero non excesivamente respecto do galego popular veciño. Que diferenza encontra un falante de Santiso de Abres cun da Pontenova, ou un de Grandas de Salime cun da Fonsagrada, ou un de Ibias cun de Nogueira de Muñiz?

As opinións poden variar en función da proximidade que exista entre o lugar de nacemento ou residencia do falante e Galicia. Vexamos algunhas das declaracións de falantes recollidas por Babarro (2003: 565):

Aquí fálase casi logo máis galego cós galegos. Arturo Gueimonde, O Chao (Santiso de Abres).

Anque tamos en Asturias, aquí non podemos decir que tamos en Asturias, porque como a fala é tan galega, todos nos dicen: No habléis que sois asturianos, que sois gallegos... Raquel Reboreda, Cotarelo-Riodelouro (Taramundi).

Falamos medio chapurriado, pero decimos que falamos galego. Casa Gafeiro, Vilapún (Castropol).

Aquí non temos palabras desas que lle chamo eu galegas. Galegas serán todas, porque castellanas non son. É un galego doutra maneira. Carmen, Cereixido (A Veiga).

Eu non lle chamo nada, porque aínda non nos dixeron qué era. Dicimos ‘falo galego’ ou ‘falo castellano’. Chamámoslle galego, si; porque vas a Ribadeo i oes falar igual Casa Melquíades, A Grandela (Tapia de Casarego).

Eu tuven en Oviedo, por desgracia, que me manquei a cadera (...) e ríanse de min, sei que se rían porque eu escapábaseme desto que temos aquí e chamábanme gallega (...) Son gallega no falar, pro gallega non son. Casa del Rico, Morlongo (Vilanova de Ozcos).

66

O académico da ALLA Llera Ramo (2002) ofrece os seguintes datos sobre a identidade lingüística do Eo-Navia: segundo este autor, o 66 % dos habitantes da zona consideran a súa fala como unha “mezcla de gallego y asturiano”, un 16 % considera que é unha variante do asturiano e un 8 % pensa que é unha variante do galego.

No Bierzo occidental leonés ou nas Portelas de Zamora, ata hai moi poucos anos a inmensa maioría das persoas crían

(dixéranlles na escola e repetira erroneamente a prensa) que falaban unha “estraña mestura de galego e leonés”; outros dicían que falaban “castellano antiguo”, “leonés antiguo”, “un cruce galego-luso-leonés” ou mil curiosidades máis. Hoxe en día, despois do recoñecemento do galego no artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Castela e León e da cada vez maior presenza do galego nas escolas e na vida pública berciana e xabresa, todo o mundo sabe que fala galego, un galego algo especial, galego berciano ou galego zamorano, por suposto. E están moi orgullosos de seren bercianos ou zamoranos e falaren a mesma lingua de Galicia, é unha vantaxe que teñen.

No informe de Llera Ramo (2002) indícase, verbo da denominación do que falan os eonaviegos, que un 33 % di “fala”, un 24 % “gallego-asturiano”, un 22 % “asturiano ou bable” e un 12 % chámalle con nomes locais (recordemos o “ibiano” que aparecía no *ALPI*). Só un 2 % dos enquisados contestaron que falaban “galego”, e aínda ben porque a resposta “galego” non figuraba entre as que se lles ofrecían aos entrevistados ou aparecía

disfrazada con diversos eufemismos en toda a enquisa. Téñase en conta que no Eo-Navia lle chamamos “bable” ou “asturiano” á mestura da nosa fala local co castelán da nosa zona. Llera Ramo non explica este extremo. Respecto da denominación recente “gallego-asturiano”, escollida por un 24 % dos entrevistados, o recente Informe da ALLA (2006: 19) recoñece que isto é “por causa de su uso cada vez mayor en ámbitos oficiales y educativos”.

A Federación de Asociaciones Culturales del Occidente de Asturias Navia-Eo encargara un *Proyecto de reconocimiento, estudio y divulgación de la cultura tradicional del occidente de Asturias*. Na introdución, o profesor da Universidade de Uviéu Perfecto Rodríguez (2006: 6) manifestaba claramente que a lingua falada na nosa terra era galego, por moi asturianos que nos sintamos os seus falantes, unha cousa nada tiña que ver coa outra.

A este *Proyecto* respondeulle a recentemente creada Plataforma Cultural Eonaviega, comandada por Xeira, organización colaboradora da ALLA, no *Informe vinculao (sic) al da Federación de Asociaciones Culturales del Occidente de Asturias Navia-Eo con motivo del Proyecto de reconocimiento, estudio y difusión de la cultura tradicional del occidente de Asturias*¹⁵ (2007). Este informe, revisionista e negacionista de toda vinculación histórica e cultural con Galicia da nosa terra, arremete contra os “supostos marcadores de galleguidá” da nosa terra, entre eles a lingua.

67

Esta plataforma considera a lingua que falamos no Eo-Navia “asturiana desde a súa singularidá llingüística”, para eles de novo denominada “fala” ou “gallego-asturiano”, chegando a afirmar que:

(...) prescindir del discurso qu’el falante fai sobre a súa llingua é un error que quita d’entender toda a complexidá dos fenómenos identitarios, igual que

15. Consultable en www.asturies.com/documentos/informeplataforma.pdf.

querer dar conta d'esa complexidá atendendo namáis á descripción d'isoglosas y fenómenos llingüísticos ta condenao al fracaso. (2007: 6).

68 Volvemos á cerimonia da confusión e da zaramallada: para a ALLA facía falla ter en conta moitas máis isoglosas, non só a isoglosa marco da ditongación/aditongación, para esta nova Plataforma Cultural Eonaviega a lingua do Eo-Navia defínese en función da identidade dos falantes e non da estrutura lingüística. É dicir, se os falantes se consideran asturianos a lingua é asturiana. Por esta mesma ilóxica, se os falantes se consideran españois, será o galego eonaviego unha variedade do español?, será o asturiano mirandés unha variedade do portugués xa que os seus falantes se consideran identitariamente portugueses?, será o asturiano unha variedade do español porque a maioría dos asturianos se consideran españois? Non ten sentido.

En resumo: hai tal cerimonia de confusión arredor da nosa lingua que nin a propia xente que fala sabe como lle chamar ao que fala, entre outras cousas porque chamarlle galego supón para algúns unha especie de “traizón á asturianía” ou porque entenden outros que en Asturias só se debe potenciar o asturiano como única lingua autóctona e propia¹⁶. A única denominación oficial, polo de agora, é “galego-asturiano”; a denominación máis popular é “fala”; ao “amestáu” entre o noso e o castelán chamámoslle “bable” ou incluso “asturiano” (pola identificación de bable con asturiano); e só os de Taramundi e Santiso de Abres saben e din intuitivamente que falan galego.

Lembremos por último a denuncia realizada en 1997 por Santiago Somoza¹⁷, un falante da Veiga, que como asturiano non acababa de entender daquela o que

16. Neste sentido van as reiteradas declaracións do ex-presidente da ALLA, Xosé Lluís García Arias, para quen a única lingua que se debe favorecer en Asturias é o asturiano.

17. Publicado en *A Freita*, nº 10, abril de 1997, páxina 9.

tampouco ningunha persoa minimamente normal e con sentidiño dá entendido hoxe, dez anos despois:

que el asturiano se considere unha lingua pero el galego de Asturias se reduza a un confuso continuum lingüístico;

que el primeiro se leve reivindicando claramente máis de vinte anos e que aínda seña cedo pra poder facer lo mesmo coel segundo e téñamos que seguir calando;

que el que pra aquel é postura oficial ben definida, quede pra este en oficio-sa ambigüidá;

que pra el primeiro se esixa respetar a súa Academia e a súa normativa e al segundo se lle neguen as de seu —ou peor: se lle imponan as que, por definición, non lle corresponden—;

que a pasividá ou el rechazo dos asturianofalantes pra coa súa lingua se vexa como lóxica diglosia, pero a dos galegofalantes pra coa súa como razoable antigaleguismo;

que el leonés represente unha variante máis del sistema astur, pero el galego de Asturias non seña máis que un invento del expansionismo galaico;

que cuestionar a existencia del asturiano seña ignorar Asturias, mais negar el noso galego seña fer patriotismo;

que non recoñecer desde Madrid a lingua asturiana se chame centralismo asimilacionista, pero fer lo mesmo coa nosa desde Oviedo resulte simplemente un exercicio de bon asturianismo;

que mentres no asunto do asturiano as instituciois del Principado —sempre máis ou menos a favor— andan continuamente a paus, no del galego van —sempre máis ou menos en contra— sospeitosamente da mao;...

69

Todos os asturianos das terras eonaviegas temos ouvido en Uviéu algunha vez, con referencia á nosa lingua ou acento, a frase “de Lluarca p’allá todos sois gallegos”. A xente común e normal do centro do Principado ten moi claro quen fala asturiano e quen fala galego, por riba de discusións filolóxicas. A ALLA e algúns políticos non o teñen claro ou non queren telo claro: somos asturianos e falamos galego, somos galegofalantes de Asturias.

10. DOUS EXEMPLOS DE ACULTURACIÓN: A TOPONIMIA E A NORMATIVA

Un exemplo clásico de confusión e manipulación evitables é o que sucede cos nomes das nosas vilas, concellos e aldeas, coa nosa toponimia.

Xa en 1987 o Serviciu de Publicaciones del Principáu editou o *Nomenclátor de Asturias 1986*, promovido pola Consejería de Presidencia e realizado por SADEI (Sociedad Asturiana de Estudios Económicos e Industriales). Este documento era un flagrante exemplo de transculturización, pois nel moitos topónimos eran asturcentralizados polas bravas: *Chousa Vella* aparecía como *Chousa Vieya*, *San Pedro de Hío* como *S. Pedro de Ayu*, *Os Carballales* pasaban a ser *Carbayales*, os *Carballos* a *Carbayos*...

O caso máis rechamante era o topónimo boalés *San Llouguís*, que era asturcentralizado polas bravas en *San Lluis* causando o estupor e a mofa dos veciños, pois *lluis* en Boal e noutras falas eonaviegas é o primeiro día da semana; é como se un *San Luis* aparecese travestido en **San Lunes*. Así operaba na época a Consejería de Presidencia do Principado: asturianizando por decreto toda Asturias, incluso a zona de fala galega, o cal non deixa de ser unha ousadía e unha insensatez. Xa non digamos nada de exemplos como *Conceyu de Grandas de Salime* ou *Conceyu de Pezós*.

En vinte anos ben pouco variou esta tendencia asturcentralizante. Nunha circular bilingüe castelán/baixonaviego (con grafía

asturiana) enviada con data do 15 de febreiro de 2006 aos concellos por D. Carlos Madera como director xeral de Promoción Cultural e Política Lingüística, informábaos de que xa se estaban a realizar os estudos toponímicos de diversos concellos, entre eles varios eonaviegos. Nun dos parágrafos dicía o seguinte:

A XAT [Xunta Asesora de Toponimia] trabaya col máximo rigor pra determinar os topónimos. Pra eso, **usa como documento-base el nomenclátor del Academia de la Llingua Asturiana**, y pide informes a expertos filólogos por iniciativa ou condo lo piden os Concejos.

72

Vaiamos debullando neste tema por partes para podermos entender e denunciar o proceso de aculturación e asturcentralización que sofren as denominacións dos lugares, aldeas e concellos asturianos de fala galega.

1.- A Lei 1/1998, do 23 de marzo, de uso e promoción do bable/asturiano di no artigo 15 que os topónimos asturianos “tendrán la

denominación oficial en su forma tradicional”, *Os Teixois*, e cando un topónimo teña tradición tamén en castelán, a denominación poderá ser (non terá que ser necesariamente) bilingüe: *Eilao/Illano*. Tamén di este artigo que a forma oficial do topónimo será determinada pola Xunta de Toponimia del Principado de Asturias.

2.- A Xunta de Toponimia foi creada en 1985 no seo da Consejería de Cultura, pero non é ata 2002 cando se regulan as súas funcións e protocolos de recuperación e fixación toponímicas. Está formada pola presidenta da ALLA¹⁸, dous expertos en filoloxía asturiana, un representante do RIDEA (Real Instituto de Estudios Asturianos), outro da Universidade de Uviéu e dous cargos políticos, un dos cales será o responsable da política lingüística do Principado. Non hai ningún especialista en galego eonaviego na Xunta de Toponimia, nin se pide a colaboración da Comisión de Toponimia da Consellaría

18. A ALLA abandonou a Xunta Asesora de Toponimia por considerar que o traballo desta comisión xa o realizara a Academia en 2000: *Nomes de conceyos, parroquies, pueblos y llugares del Principáu d’Asturies*, de toda Asturias, a de fala asturiana e a de fala galega.

de Presidencia da Xunta de Galicia, máxime cando máis do 90 % dos topónimos da nosa zona eonaviega tamén existen en Galicia e xa foron estudados etimolóxicamente e filoloxicamente por esa comisión de toponimia, co que moito do traballo en Asturias xa estaría adiantado. Pero non se fai.

No recente *Anuario de la Xunta Asesora de Toponimia* (2005) cítanse como fontes documentais base manexadas para o expediente toponímico do concello eonaviego de El Franco a *Proposta de normas ortográficas y morfológicas del ga(l)lego asturiano* (1993), o nomenclátor da ALLA de 2000 e diversas publicacións só asturianas. Onde está a consulta da toponimia da documentación medieval do mosteiro de Vilanova de Ozcos? Onde está a consulta dos diferentes catastros, entre eles o Catastro del Marqués de la Ensenada de finais do século XVIII? Onde está a consulta de repertorios toponímicos do outro lado do Eo onde aparecen repetidos a maioría dos topónimos eonaviegos? Hai unha autosuficiencia científica, unha cerrazón en banda a calquera colaboración necesaria con Galicia, que raia no autismo.

3.- Na actualidade non existe ningunha normativa oficial sancionada polo Principado de Asturias para o galego de Asturias. Existen dúas propostas normativas, as dúas non oficiais, unha para o “galego de Asturias” e outra para o “ga(l)lego asturiano”(sic) –sen guiño–, aínda que de feito é esta segunda a que funciona como norma oficial, pois é a única usada desde os poderes políticos, administrativos e académicos.

3.1.- As normas do “galego de Asturias” (*Normas ortográficas e morfológicas del galego de Asturias*, 1990) son as que aplican nas súas publicacións as asociacións MDGA (Mesa prá Defensa del Galego de Asturias) (xa desaparecida) e ABERTAL. Na introdución dise que pretenden ser “unha norma del galego común asturiano, porque non pode haber unha norma prá fala da Veiga e outra prá de Tapia ou Ibias. É necesario el sacrificio de solucións particulares na busca dun estándar que recolla da mellor maneira a realidade falada nos diferentes concellos”. A base destas *Normas* está na variedade maioritaria e central eonaviega: a astur-negureiresa.

Na redacción das *Normas* da MDGA participaron lingüistas de universidades galegas e asturianas, especialistas nas nosas variedades e falantes conscientes eonaviegos. Nunha xuntanza previa e aberta na Universidade de Uviéu establecéronse uns criterios e partiuse de dous principios básicos: 1º) as falas do extremo occidental de Asturias son variedades do galego oriental e non un galego asturianizado nin un asturiano agalegado; 2º) o referente é o galego común, pero respectando a personalidade lingüística das variedades eonaviegas.

74

Isto explica, por exemplo, que na formación do feminino dos nomes especiais aparezan para *can* a forma común *cadela*, pero tamén *cuza* e *canza*, e para *galo* a forma *galía* ‘galiña’; que no paradigma do artigo apareza *el*, que no dos posesivos figuren *tou* e *sou* e nos pronomes persoais *elos*, por seren as solucións máis estendidas nas falas eonaviegas. Pero formas coma estas levan ao seu carón as do galego común (*o, teu, seu, estes, eles...*), que son as usadas nos concellos e lugares asturianos de fala eonaviega taramundesa. Nos paradigmas verbais, sobre todo nos irregulares, propóñense

ás veces formas exclusivas do galego de Asturias, sen o dobrete do galego común; é o caso de *fer* ‘facer’, *fía* ‘facía’; *ouguir* ‘oír’, *uzco* ‘oio’, *uzca* ‘oia’; *trer* ‘traer’, *tría* ‘traía’; *valir* ‘valer’, *valio* ‘vallo’ etc. E no relativo a grafías, acentuación e outros aspectos seguiu-se a normativa vixente para o galego.

Estas son as normas empregadas na revista *A Freita* e noutras publicacións da MDGA como *El xabari que quería engalar e outros relatos* (1991) e *A odisea de Perexil* (2002) de F. Xabier Frías Conde, ou *Contos Populares da terra Navia-Eo* (1992) e *El serzo no louxado* (1995) de Xosé C. Álvarez Blanco. Nalgunha publicación úsase o galego estándar (plural *ns*, artigo *o...*), como nas obras de Carlos Xesús Varela Aenlle *O hórreo de tipo asturiano na montaña oriental de Galiza* ou *Toponimia del Eo-Navia*.

3.2. As normas do “gal(l)ego asturiano” (sen guión): a Consejería de Educación do Principado de Asturias editou en 1993 unha *Proposta de normas ortográficas y morfolóxicas del gal(l)ego asturiano* que, tal como se sinala na introdución, “pretenden ofrecer á xente que queira escribir a súa fala, úa

ferramenta cúa que representar dafeito os seus rasgos (l)lingüísticos. Pra eso, quixéronse dar os consellos abertos e respetuosos das particularidades locais mais sin perder de vista as solucións normativas do ga(l)ego e tamén do asturiano”. Na elaboración desta *Proposta de normas* interveu un grupo de traballo dirixido polos lingüistas José García García e Ignacio Vares García. A base desta proposta é a variedade minoritaria baixonaviega, a máis asturianizada (19 %) das tres variedades eonaviegas.

A pesar das referencias ao galego, nesa *Proposta de normas* non hai unha definición sobre a adscrición lingüística desta área xeográfica, pois non se aclara se é zona de lingua galega ou de lingua asturiana. Os autores non teñen en conta na súa proposta o proceso de codificación gráfica do galego no século XX, ao empregaren o apóstrofo, ao non haber un criterio etimolóxico no uso das grafías *b* e *v*, ao usárense *h* antietimolóxicos (*hoso*, *hirmao*), ao aceptárense vulgarismos como *correuto* ou *perfeuto*, a preposición *pa* no canto de *para*, formas como *verdá* ou *casualidá*, participios en *-ao* a carón de *-ado* (*cantao*, *cantado*) etc.

Emprégase ademais o *y* (*abeya*, *trabayo*), totalmente desterrado da grafía actual do galego, á vez que se potencian variantes fonéticas minoritarias (*chía* por *chea*, por exemplo). En conxunto, pártese basicamente das formas da Mariña, ignorando as das outras zonas do Eo-Navia. O obxectivo é “asturianizar o galego eonaviego” e, xa que logo, afastalo o máximo posible do galego, “desgaleguizalo”.

Nesta proposta de normativa do gal(l)ego asturiano editouse a obra *Parzamiques* de Manuel García Galano (Xeira, 1993), que posteriormente publicou *Mareaxes Tapiegos* (1994). En 1995 editouse *Xelín y Toxo*, de varios autores, nos que tamén se segue esa normativa (“Recoye el interés por fer os testos na fala de por aquí, pra que los podan ler os rapacíos na escola”, dise no empezo do libro). Son as normas usadas na revista *Entrambasaguas*, da Secretaría Llingüística del Eo-Navia da Academia de la Llingua Asturiana, as que emprega na maior parte das súas publicacións a Asociación Cultural Xeira, colaboradora da Academia de la Llingua, as normas impostas nos cursos de “gallego-asturiano” que

ofrece a Academia de la Llingua Asturiana, as seguidas nas escasas escolas onde se imparte “gallego-asturiano”, as usadas pola maioría dos escritores eonaviegos actuais etc. Todo isto ten unha explicación moi sinxela: quen se move do marco non sae na foto, nin pode dar clases, nin pode publicar con diñeiro público.

76 É tamén nesta norma vulgarizante e asturcentralizante na que se están oficializando os topónimos eonaviegos, o que ten provocado non poucos problemas. En 2005 o Principado decretou, a proposta da Xunta Asesora de Toponimia, o nomenclátor oficial do concello de El Franco. Un ano despois, no BOPA do 22 de decembro de 2006, un decreto asinado polo presidente e a conselleira de Cultura modificaba algúns dos topónimos oficializados con anterioridade debido ás críticas recibidas pola oficialización dalgunhas formas raras: *Llobredo*, *Riucabo*, *El Llourdal*, *Riubón* ou *San Polayo* pasaron a ser agora, con máis lóxica e sentido común, *Llebrede*, *Riocabo*, *El Llouredal*, *Riobón* ou *San Pelayo*. De sabios é rectificar, pero non é de sabios rectificar a medias.

Co revestimento gráfico destas propostas, non oficiais pero si oficiosas, desde a Oficina de Política Lingüística e desde a Xunta Asesora de Toponimia están a fixar paulatinamente as formas dos topónimos da zona galegofalante, de maneira que hoxe na nosa zona poden coexistir formas populares inalteradas (*Carballofalso* ou *Carballo del Cuito* en Grandas de Salime) ao lado de formas deturpadas pola presión do castelán (*Carbajal-Navia*, *Carbajales-A Veiga*) e agora pola presión da norma asturcentralizante (*Carbayal-Castropol*, *Carbayal-Eilao*). Esta confusión responde a unha macrodiglosia que esmaga a nosa lingua, coa presión histórica do castelán e, agora tamén, coa presión recente do asturiano central. E esta grafía *y*, que pretenden impoñer como marca de “asturianía gráfica”, non se pode defender na nosa zona desde posicionamentos ben discutibles de ieísmo “histórico”.

A asturianía toponímica da nosa zona seica pasa polo *y*: *Payoza*, *Caye A Fonte*, *Conceyo d’Ayande* etc.; como pasa por ocultar os artigos que recordan o galego: (*Os*) *Teixois*, (*As*) *Mestas*, (*Os*) *Boudois*...; consagración de vulgarismos: *Pilliceira*, *Carbueira*, *Castripol*; emprego de apóstrofos: *Vilanova d’Ozcos*,

Conceyo d'Ibias; acentuación á asturiana: *Nogueiróu, Nadóu*; incoherencias de todo tipo: *San Tiso* pero *Samartín*. O obxectivo é marcar diferenzas co galego, non sexa que calquera despistado ao ler *Palloza, Concello de Allande, Os Teixois, Vilanova de Ozcos, Nogueirou, Santiso de Abres* etc., poida pensar que está en Galicia e non en Asturias, pois para o poder central asturiano Asturias só se pode entender en asturiano (asturiano central, claro).

As autoridades políticas asturianas deberían oír as opinións non só dos lingüistas da actual directiva da ALLA, senón doutros lingüistas expertos en dialectoloxía e estandaroloxía, asturianos, cataláns, portugueses, casteláns, vascos etc., incluso galegos, que algo tamén deberían dicir neste proceso. E sobre todo, deberían tamén ter en conta as organizacións que traballan pola lingua e a cultura da nosa zona, e non ter só unha “organización de cabeceira” dependente da ALLA, asociacións culturais, escritores, mestres e falantes en xeral interesados no futuro da lingua.

Pretender ignorar que todas esas falas pertencen ao diasistema galego e, xa que logo, estudalas e estandarizalas á marxe da

lingua galega, é condenalas a seren unha reliquia esmorecente, unha curiosidade lingüística camiño dunha lenta e moi segura desaparición. A defensa da fala ou dunha “lingua autóctona” nin galega nin asturiana nos concellos da terra Eo-Navia (como sucedía ata hai pouco cos defensores dunha lingua berciana para o Bierzo occidental) é unha postura nada científica.

Con toda esta asturcentralización forzosa, o que está sucedendo no Eo-Navia é, por unha banda, o fastío dos falantes normais coas polémicas absurdas, a progresiva castelanización lingüística e o abandono do uso da lingua polos máis novos (sen lingua nas escolas, nos concellos, nos medios, con problemas serios de identidade lingüística, de costas ao resto das falas galegas etc.); e pola outra, agora si, efectivamente, unha homoxeneización cultural (empobreceamento) por redución da plural e variada cultura asturiana á cultura autóctona dominante e favorecida en Asturias: a cultura do centro xeográfico, político e demográfico. A nosa terra, Asturias, é rica e única no mundo por ter varias culturas e varias linguas, non só as do centro.

11. CONCLUSIONES

a) Entre os ríos Eo e Navia existen unha serie de falas de filiación lingüística galega. Este feito está constatado e certificado por toda a romanística e a hispanística e é demostrable lingüisticamente.

b) As falas eonaviegas non son unha mestura enmarañada de trazos lingüísticos do galego e do asturiano. Nos trazos que xeban o galego do asturiano, estas falas **presentan unha porcentaxe moi elevada de coincidencia estrutural co galego** (nun 86 % de media) e **unha porcentaxe moi baixa de coincidencia estrutural co asturiano** (un 9 % de media). Cualificar de “arbitrariedad científica e intencionalidad política” a inclusión destas falas dentro do galego é totalmente incorrecto, pois son falas galegas,

porque o galego tamén é lingua de Asturias, como o asturiano tamén é lingua de zonas de León, Zamora ou Portugal.

c) Os habitantes do Eo-Navia somos asturianos, sen que exista contradición entre ser asturiano e falar galego, de igual xeito que hai belgas, suízos, franceses, austríacos ou daneses de lingua autóctona alemá e non son alemáns, ou mesmo portugueses que falan unha variedade do asturiano chamado alí mirandés.

d) As nosas falas eonaviegas corren un grave risco de desaparición por múltiples presións: presión histórica forte do español e abandono secular por parte das administracións, forte aculturación a favor de todo o asturiano

central por excelencia e, ultimamente, presión mediática e política sobre a identidade lingüística do Eo-Navia, para esgazar a lingua galega de Asturias do resto do galego chamándolle de mil maneiras e negándolle irracionalmente a súa filiación lingüística galega.

80 e) A Academia de la Llingua Asturiana non é a institución científica apropiada para tutelar normativamente estas falas e asesorar o goberno asturiano, porque é academia dunha lingua distinta. Unha cousa é territorio político, administrativo, e outra é distribución e extensión lingüística e cultural. A ALLA, con académicos no seu seo procedentes das zonas de León e Portugal onde se fala asturleonés, ten que velar pola lingua asturiana (ou asturleonés) en todos os territorios onde se fala, pero non ten que velar por ningunha outra lingua.

f) As autoridades políticas asturianas deberían chamarlles ás cousas polo seu nome: asturiano e galego son as dúas linguas autóctonas de Asturias, da mesma maneira que galego e (asturiano)leonés tamén son autóctonos en partes de Castela e

León e así figuran na proposta de novo estatuto para esta comunidade. Asturias non ten un problema co galego e co asturiano, ten unha dobre riqueza e un dobre patrimonio lingüístico que debe comprometerse a recoñecer, oficializar e revitalizar.

g) Sen oficialidade estatutaria non hai ningún futuro nin para o galego nin para o asturiano en Asturias. Con oficialidade estatutaria e medidas de fomento e protección efectivas aínda hai algunha esperanza. Mais a cooficialidade en Asturias ten que ser territorial: galego no Eo-Navia e asturiano no resto do territorio do Principado.

h) O goberno do Principado podería aceptar a axuda e experiencia que lle ofrece Galicia en materia de normalización e normativización lingüística para o galego en Asturias. Esta colaboración sen dúbida redundaría tamén en beneficio da propia lingua asturiana en Asturias.

i) O goberno do Principado debería facer caso das recomendacións do Comité de Expertos do Consello de Europa na aplicación da *Carta Europea das Linguas Rexionais e*

Minoritarias verbo do galego de Asturias: escolarización, administración, visibilidade pública, toponimia, medios de comunicación, xustiza etc.

Nun destes últimos sentidos, no da visibilidade pública e medios de comunicación, chama a atención a ausencia absoluta do galego de Asturias na programación da nova RTPA, a televisión asturiana. Recentemente (*Les Noticias*, 7 de xaneiro de 2007) o escritor e membro do consello de administración da RTPA Adolfo Camilo Díaz manifestaba que se irá incrementando a escasa presenza da lingua asturiana na televisión asturiana, con cursos de formación de redactores impartidos pola ALLA e cursos de asturiano oral impartidos pola Oficina de Política Lingüística, con noticiarios bilingües asturiano/castelán e incremento significativo dos programas en asturiano. Perfecto, pero cal é o papel que lle conceden ao galego de Asturias ou “galego-asturiano”? Simplemente non existimos, somos o 4 % da poboación asturiana e habitamos nun extremo, nin nos consideran. Pero se a televisión galega fíxese programas sobre a nosa terra, ou

noticiarios na nosa lingua sobre a nosa terra, toda Asturias se revolvería contra unha nova “inxerencia galega”. Asturias só nos fai caso cando outros se preocupan de nosoutros. Se o galeguismo lingüístico e cultural non se preocupase da lingua galega do Eo-Navia ninguén en Uviéu movería un dedo por nosoutros.

Neste número devandito de *Les Noticias* aparece tamén unha nova interesante: o Partido Popular propón unha redacción máis ambiciosa do artigo 4 do novo estatuto, ao tempo que pide a actualización da Lei de uso de 1998. Agora o PP preséntase como valedor da lingua asturiana, pero o galego de Asturias segue sen existir.

Por todo isto, porque non queremos deixar morrer a nosa lingua nin a nosa cultura, para chantar as bases da recuperación da dignidade humana, cultural e lingüística dos asturianos falantes de variedades do galego, a Asociación Abertal da lingua do Eo-Navia reclama que na vindeira reforma do **Estatuto de Autonomía do Principado de Asturias** figuren os seguintes artigos:

4. Das linguas de Asturias.

4.1. O asturiano e o galego de Asturias son linguas propias e patrimonio cultural e histórico irrenunciado do Principado de Asturias.

4.2. O castelán, lingua común de todos os asturianos e oficial de España, o asturiano no seu ámbito territorial e o galego de Asturias no seu, **son as tres linguas cooficiais do Principado de Asturias.**

4.3. O Principado de Asturias adoptará as medidas e reformas legais, económicas e administrativas necesarias para a normalización lingüística dos idiomas naturais de Asturias nos ámbitos educativo, administrativo, social e xudicial, mediante unha nova **Lei de normalización das linguas de Asturias.**

Disposición adicional

Á entrada en vigor da presente Lei orgánica de reforma do Estatuto de Autonomía para Asturias, a cooficialidade á que se refire o artigo cuarto deberá ser recoñecida e aplicada polos distintos poderes públicos na súa actividade interna, debendo os órganos do Estado dispensaren ao asturiano e ao galego de Asturias o mesmo trato que ao resto das linguas cooficiais de España.

ASOCIACIÓN ABERTAL DEL EO-NAVIA

NAVIA, febreiro de 2007

12. APÉNDICE: TEXTOS COMPARATIVOS

Vexamos un caso práctico, o mesmo texto en galego do noroeste de Cáceres; en galego oriental do Bierzo; en galego oriental taramundés; en galego oriental baixonaviego, o máis próximo do asturiano (e aínda así distante); e en asturiano central ou estándar.

Galego do noroeste de Cáceres

Fora unha ve que viña o tei tío polo camiño cunha machada na man i unha bolsa na oitra cunha caixa dentro. Molisnaba un poiquiño i había barro no solo.

Desde o alto do carballo le dixei ei:

I tu de onde ves, “escachaterrós”, que non tes parada? Cuando vas vir pola casa que temos que matar o cochino?

El fizo como que non oivía, non paró i seguíu camiño abaixo, fendo o boibo i dicendo en alto:

Hai curuxas o corvos entre as follas o vai un vento raro?

Collí o tirafondas i, cuando ia estaba a cen metros, le tirí un bo croio que le pasó rozando o ombro.

Entonces miró pa mi i me eitó un xuramento:

Demo de zagal, te vas acordar do leite que mamaste. Baixa de ai que te vo dar ei unha boa!

Baixí correndo do carballo i eité a correr por un campo cheo de pedras. Cheguí ás Fontiñas do Teixugo i alí por fin respirí.

Galego oriental do Bierzo

Fora unha vez que viña o teu tío polo camín cunha machada na mao i-ònha bolsa na outra cunha caixa dentro. Orballaba un pouquín i-había lama no chao.

Desde o alto do carballo díxenlle eu:

E tu de onde veis, “escachaterrois”, que non teis parada? Cuando vas vir pola casa que temos que matar o marrao?

El fizo como que non oía, non parou e seguíu camín abaixo, facendo o parvo e dicindo en alto:

Hai curuxas ou corvos entre as follas ou vai un vento raro?

Collín o tirafondas e, cuando xa estaba a cen metros, tireinlle un bon croio que lle pasou rozando o ombro.

Entón mirou pra min e botoume un xuramento:

Demo de rapaz, vaste acordar do leite que mamache. Baixa de eí que che vou dar eu unha boa!

Baixein correndo do carballo e botein a correr por un campo cheo de pedras. Cheguein ás Fontiñas do Porcoteixo i-aí por fin respirein.

Galego oriental taramundés

Fora unha vez que viña o teu tío polo camín cunha brosa na mao e unha bolsa na outra cunha caixa dentro. Barruzaba un pouquín e había lama no tarreo.

Desde o alto do carballo díxenlle eu:

E tu de unde vés, “escachaterrois”, que non tes parada? Cando vas vir pola casa que temos que matar o cocho?

El fixo como que non oía, non parou e seguíu camín abaixo, facendo o fato e dicindo en alto:

Hai curuxas ou corvos entre as follas ou vai un vento raro?

Collín o tirafondas e, cando xa taba a cen metros, tirei(n)lle un bon gouño que lle pasou rozando o ombro.

Entós mirou pra min e botoume un xuramento:

Demo de rapaz, vaste acordar do leite que mamache. Baixa de aí que che vou dar eu unha boa!

Baixei(n) correndo do carballo e botei(n) a correr por un campo cheo de pedras. Cheguei(n) ás Fontiñas do Porcoteixo i alí por fin respirei(n).

Galego oriental baixonaviego¹⁹

Fora uha vez que vía el tou tío polo camín cuha brosa na mao i uha bolsa na outra cuha caixa dentro. Barruzaba un pouquín i había llama nel tarrén.

Desde el alto del carballo díxenlle eu:

I tu de unde veis, “escachaterrois”, que nun teis parada? Condo vas vir polla casa que temos que matar el cocho?

El fizo como que nun ouguía, nun parou i seguíu camín abaxo, fendo el fato i dicindo en alto:

Hai curuxas ou corvos entre as follas ou vai un vento raro?

Collín el tirafondas i, condo xa taba a cen metros, tirei(n)lle un bon gouño que lle pasou rozando el ombro.

Entoncias mirou pra min e botoume un xuramento:

Demo de rapaz, vaste acordar del lleite que mamache. Baxa de aí que che vou dar eu uha búa!

Baxe(i)n correndo del carballo i botei(n) a correr por un campo chen de pedras. Cheguei(n) ás Fontías del Porcoteixo i allí por fin respirei(n).

Asturianu

Fuera una vegada que venía el to tíu pel camín con un hachu na manu y una bolsa na otra con una caixa dentro. Orbayaba un poquín y había barru nel suelu.

Dende l’altu del carbayu díxi-y yo:

Y tú d’onde vienes, “escachaterro-nes”, que nun ties parada? Cuando vas venir per casa que tenemos que matar el gochu?

El fixo como que nun sentía, nun paró y siguió camín abaxo, facendo’l bobu y diciendo n’altu:

Hai curuxas o cuervos ente les fueyes o fai un vientu raru?

Coyí’l gomeru y, cuando yá taba a cien metros, llance-y un bon guixarru que-y pasó raspiando’l llombu.

Entós miró pa mi y echome un xuramentu:

Demoniu de guah.e, vaste acordar de la lleche que mamaste. Baxa d’ehí que te voi dar yo una bona!

Baxé corriendo del carbayu y eché a correr per un campo llenu de piedras. Llegué a les Fontines del Melandru y ellí por fin respiré.

19. Téñase en conta que palabras como *collín*, *lle* ou *carballo* veñen escribiéndose tamén como *coyín*, *ye*, *carbayo*, así como que nos concellos de Navia ou Coaña formas como *llama*, *lleite*, *ella*, *allí* etc., poden aparecer como *yama*, *yeite*, *eya*, *ayí* etc.

13. BIBLIOGRAFÍA

- ACADEMIA DE LA LINGUA ASTURIANA (2000): *Nomes de conceyos, parroquies, pueblos y llugares del Principáu d'Asturies*. Uviéu: ALLA.
- ACADEMIA DE LA LINGUA ASTURIANA (2006): *Informe sobre la fala o gallego-asturiano. Una perspectiva hestórica, social y llingüística / Informe sobre la fala o gallego-asturiano. Una perspectiva histórica, social y lingüística*. Uviéu: Secretaría Llingüística del Navia-Eo/Academia de la Llingua Asturiana.
- ALONSO, D. (1945): "'Junio' y 'Julio' entre Galicia y Asturias", en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares I*, reproducido (1972) en *Obras Completas I*. Madrid: Gredos.
- ALONSO, D. e V. GARCÍA YEBRA (1959): "El gallego-leonés de Ancares y su interés para la dialectología portuguesa", en *Actas do III Coloquio Internacional de estudos luso-brasileiros*, reproducido (1972) en *Obras Completas I*, Madrid: Gredos.
- ÁLVAREZ-BALBUENA GARCÍA, F., R. ANDRÉS DÍAZ e X. VIEJO FERNÁNDEZ (2005): *Anuario de la Xunta Asesora de Toponimia* (2004-2005). Xixón: Editora del Norte / Conseyería de Cultura, Comunicación Social y Turismo.
- ANDRÉS, R. D' (2000): "Gallegu", na colectánea do autor *Reivindicación llingüística: unes reflexones*. Uviéu: Publicaciones Ámbitu, pp. 39-45.
- BABARRO GONZÁLEZ, X. (2003): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. 2 vols. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- CANO GONZÁLEZ, A. (1980): "Los distintos bables de la región asturiana", en *Actas de la I Asamblea Regional del Bable*. Madrid: Editorial Nacional.
- CANO GONZÁLEZ, A. (1987): *Informe so la llingua asturiana / Rapport sur la Langue asturienne*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.
- CANO GONZÁLEZ, A. (1992): "Asturianisch: Interne Sprachgeschichte / Asturiano: evolución lingüística interna", en G. HOLTUS, M. METZELZIN e CH. SCHMITT (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, vol. VI, 1, Tübingen: Max Niemeyer, pp. 652-680.

- CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS (1962-): *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*. 2 vols. Madrid.
- CONSELLO DE EUROPA (2005): *Informe del Comité de Expertos sobre la aplicación en España de la Carta Europea de las Lenguas Regionales y Minoritarias* (21/09/2005), consultable en: http://www.coe.int/t/e/legal_affairs/local_and_regional_democracy/regional_or_minority_languages/2_monitoring/2.3_Committee_of_Experts%27_Reports/Spain_1st_report_esp.pdf
- FERNÁNDEZ REI, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Ed. Xerais.
- FERNÁNDEZ REI, F. (ed.) (1994): *Lingua e cultura galega de Asturias*. Vigo: Ed. Xerais.
- FERNÁNDEZ REI, F. (2003): “A situación do galego nas comarcas occidentais de Asturias, León e Zamora”, en HENRIQUE MONTEAGUDO e XAN M. BOUZADA FERNÁNDEZ (coords.): *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000. Vol. III Elaboración e difusión da lingua*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 363-423.
- FRÍAS CONDE, F. X. (1997): “Sobre os bloques dialectais do galego: unha nova proposta”, en *Revista de Filología Románica. Homenaje a Pedro Peira*, vol. I. Madrid, pp. 241-276.
- FRÍAS CONDE, F. X. (1999): *O galego exterior ás fronteiras administrativas*. Xixón: VIP.
- FRÍAS CONDE, F. X. (2004): “O relativo continuum entre galego e asturiano en Asturias”, en *Ianua*, nº 5, pp. 93-106 [<http://www.romaniaminor.net/ianua/>].
- GARCÍA, J. L. (1976): “Villanueva de Oscos: dialéctica territorial desde la casa a la comarca”, en *Antropología del Territorio*. Madrid: Ediciones JB.
- GARCÍA ARIAS, X. LL. (1992): “Asturianisch: Externe Sprachgeschichte/Asturiano: evolución lingüística externa”, en G. HOLTUS, M. METZELIN e CH. SCHMITT (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, vol. VI, 1, Tübingen. Max Niemeyer, pp. 681-693.
- GARCÍA ARIAS, X. LL. (1997): “El continuum llingüístico ente'l gallegu y l'asturianu”, en *Lletres Asturianas* 62, pp. 43-50.
- GARCÍA GARCÍA, J. (1970): “Gallego-asturiano”, en *Gran Enciclopedia Asturiana*, tomo VII, p. 146.
- GÓMEZ PELLÓN, E. (1994): “Antropología”, en *Gran Enciclopedia de la Asturias Popular*, vol. I, Lugones: La Voz de Asturias, pp. 2-32.
- INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (1990-): *Atlas Lingüístico Galego*, C. GARCÍA e A. SANTAMARINA, (coords.), R. ÁLVAREZ BLANCO, F. FERNÁNDEZ REI e M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ (investigs.). T. 1 (2 vols.) (1990): *Morfoloxía verbal*; (1995) T. 2: *Morfoloxía non verbal*; T. 3 (2001): *Fonética*; T. 4 (2003): *Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*; T. 5 (2005): *Léxico. O corpo humano*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- LAPESA, R. (1968): *Historia de la lengua española*. Madrid: Gredos.
- LLERA RAMO, F. J. (1994): *Los asturianos y la lengua asturiana. Estudio sociolingüístico para Asturias 1991*. Uviéu: Conseyería de Cultura del Principáu d'Asturies.

- LLERA RAMO, F. J e P. SANMARTÍN ACUÑA (2003): *II Estudio sociolingüístico de Asturias 2002*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.
- LLOPE, X. I. (1989): *De les cosas del mundu*. Uviéu: Ámbitu.
- MEILÁN GARCÍA, A. X. (2001): “Aspectos diacrónicos e sincrónicos do galego de Asturias”, en *Revista de Filoloxía Asturiana*, vol. I, pp. 131-153.
- MENÉNDEZ PIDAL, R. (1906): *El dialecto leonés*. Edición de 2006 conmemorativa do centenario ao coidado de Roberto González-Quevedo. León: El buho viajero.
- MESA PRÁ DEFENSA DEL GALEGO DE ASTURIAS (1990): *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*. Eilao: MDGA.
- METZELZIN, M. e O. WINKELMANN (1992): “Die Sprache der Iberischen Halbinsel und ihre Verbreitung / Las lenguas de la península Ibérica y su difusión”, en G. HOLTUS, M. METZELZIN e CH. SCHMITT (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, vol. VI, 1, Tübingen: Max Niemeyer, pp. 1-36.
- MIER NOVO, L. (1980): *El habla de Asturias comparada con las otras lenguas vernáculas hispánicas: estudio histórico-lingüístico*. Oviedo: Asturlibros.
- MUNTHE, ÅKE W. SON (1887): *Anotaciones sobre el habla popular de una zona del occidente de Asturias*. Edición de Ana Cano (1988). Uviéu: Biblioteca de Filoloxía Asturiana.
- NEIRA MARTÍNEZ, J. (1989): “Las fronteras del leonés”, en *Homenaje a Alonso Zamora Vicente. II. Dialectología. Estudios sobre el Romancero*. Madrid: Castalia.
- PENNY, R. (2004): “Continuum dialectal y fronteras estatales: el caso del leonés medieval”, en *Orígenes de las lenguas romances en el Reino de León. Siglos IX-XIII*. Vol. I, León, pp. 565-578.
- PRINCIPÁU D’ASTURIES (1993): *Proposta de normas ortográficas y morfolóxicas del ga(l)lego asturiano*. Uviéu: Conseyería d’Educación, Cultura, Deportes y Xuventú.
- RODRÍGUEZ CASTELLANO, L. (1975): “Palatalización de L inicial en la Asturias de habla gallega”, en *Verba*, 2, pp. 137-150.
- RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, P. (2006): “Panorama histórico-lingüístico”, en Federación de Asociaciones del occidente de Asturias “Navia-Eo”, *Proyecto de Reconocimiento, estudio y difusión de la Cultura Tradicional del occidente de Asturias*.
- RUBAL MARTÍNEZ, X., D. VEIGA MARTÍNEZ, N. ARZA ARZA (1992): *A lingua do alumnado e profesorado nas franxas occidentais de Asturias, León e Zamora*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- VVAA (1993): *Proposta de normas ortográficas y morfolóxicas del ga(l)lego-asturiano*. Uviéu: Serviciu de Publicaciones del Principáu d’Asturies.
- VVAA (2003): *Antonio García Oliveros, les palabras y los llibros*. Uviéu: Trabe.
- WALTER, H. (1996): *A aventura das línguas do ocidente, a sua origem, a sua história, a sua geografia*. Lisboa: Terramar.
- ZAMORA VICENTE, A. (1970): *Dialectología española*. Madrid: Gredos.

Esta segunda reimpresión
rematouse a carón de Navia
en maio de 2010

